

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DÍA 6 DE  
OUTUBRO DE 2016. NÚM. 13/2016.-**

Asistentes:

**ALCALDE-PRESIDENTE:**



D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO. (CxG-CCTT).

**CONCELLEIROS:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS. (CxG-CCTT).  
D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL. (CxG-CCTT).  
D. MIGUEL ÁNGEL MEDELA DOBARRO. (CxG-CCTT).  
D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO. (CxG-CCTT).  
D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS. (PSdeG-PSOE).  
D. JOSE MANUEL HERMIDA ARIAS (PSdeG-PSOE).  
D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA. (APAC).  
D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA. (BNG).  
D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA PAZ PÉREZ ASOREY. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ. (PP).  
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA ÁLVAREZ PAZ. (PP).  
D. ANTONIO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ. (PP).  
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. RAQUEL LORENZO FERNÁNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. EVA MARÍA MONTOTO MÉNDEZ. (PP).  
D<sup>a</sup>. MARÍA JOSÉ SENANDE MÉIJOME. (PP).  
D. JUAN JOSÉ CRUZ GARCÍA. (CONCELLEIRO NON ADSCRITO).

**SECRETARIO XERAL:** D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.


**INTERVENTORA:** D<sup>a</sup> MARTA OVIEDO CREO



Secretaría Xeral

**ÍNDICE:**

|                                                                                                                                                                                                                                                                                    |         |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------|
| 1.- Aprobación, se procede, da acta Nº 10/2016 da sesión extraordinaria celebrada o día 16 de agosto de 2016.....                                                                                                                                                                  | Páx. 3  |
| 2.- Decretos de Alcaldía. Dación de conta.....                                                                                                                                                                                                                                     | Páx. 3  |
| 3.- Expediente de modificación de créditos Nº 9-P/2016. Crédito extraordinario.....                                                                                                                                                                                                | Páx. 9  |
| 4.- Expediente de modificación de créditos Nº 11-P/2016. Transferencia de créditos.....                                                                                                                                                                                            | Páx. 12 |
| 5.- Comparecencia do Sr. Concelleiro Delegado de Infraestruturas Rurais aprobada na sesión do Pleno do Corporación do día 8 de setembro de 2016.....                                                                                                                               | Páx. 13 |
| 6.- Solicitud de comparecencia do Sr. Alcalde, a petición propia, para dar conta das xestións e medidas que se están a adoptar para regularizar a situación dos empregados públicos contratados en fraude de lei.....                                                              | Páx. 22 |
| 7.- Moción do grupo de goberno para solicitar á Consellería de industria a revisión da autorización á empresa promotora da LAT O Irixo-Lalín e á Consellería de Medio Ambiente a revisión da declaración do impacto ambiental.....                                                 | Páx. 23 |
| 8.- Moción do grupo de goberno de condena ao transfuguismo en solidariedade co PP na súa petición de dimisión á senadora Rita Barberá.....                                                                                                                                         | Páx. 31 |
| 9.- Moción do PP para o inicio dun expediente informativo á empresa Xestión Ambiental de Contratas S.L. para comprobar o grao de cumprimento do contrato do Servizo de Zonas Verdes, Parques e Xardíns e Arboredo do Concello de Lalín.....                                        | Páx. 32 |
| 10.- Moción do PP para solicitar a convocatoria dunha xuntanza cos propietarios dos terreos afectados polo ENIL de Casas Vellas .....                                                                                                                                              | Páx. 34 |
| 11.- Moción do PP para solicitar ao Concello de Lalín que negocie coa Deputación de Pontevedra e coa Xunta de Galicia a cesión do centro cinxético de Mouriscade (granxa das perdices) ao Concello de Lalín, para a súa posterior cesión á Sociedade de caza e Pesca de Lalín..... | Páx. 42 |
| 12.- Moción do Sr. Concelleiro non adscrito para reprobar ao goberno o uso partidario da páxina web oficial do Concello de Lalín e dos seus perfís oficiais nas redes sociais.....                                                                                                 | Páx. 45 |
| 13.- Moción do PP por vía de urxencia sobre o Expediente de Modificación de Créditos nº 10-P/2016.....                                                                                                                                                                             | Páx. 46 |
| 14.- Moción do PP de revogación de competencias delegadas polo Concello Pleno na Xunta de Goberno Local.....                                                                                                                                                                       | Páx. 47 |
| 15.- Moción por urxencia do Tenente de Alcalde, D. Nicolás González Casares, referente ao Expediente de concesión ao Concello de Lalín da subvención de desenvolvemento urbano sostible e integrado.....                                                                           | Páx. 47 |
| 16.- Proposta por vía de urxencia sobre o Expediente de modificación de créditos Nº 10-P/2016.                                                                                                                                                                                     | Páx. 48 |
| 17.- Proposta por vía de urxencia sobre o Expediente de modificación de créditos Nº 13-T/2016.                                                                                                                                                                                     | Páx. 49 |
| 18.- Rogos e preguntas.....                                                                                                                                                                                                                                                        | Páx. 51 |



Sendo as dez horas do **xoves día 6 de outubro de 2016**, xuntáronse no salón de sesións do Concello de Lalín (Pontevedra), baixo a Presidencia do *Sr. Alcalde-Presidente, D. Rafael Cuiña Aparicio*, os señores concelleiros que enriba se indican co gallo de celebraren a sesión do Pleno da Corporación, convocada para este día e hora. Por acordo do Pleno de 3 de xullo de 2015 acordouse que no suposto de que sexa festivo, a sesión ordinaria celebrárase o seguinte día hábil da dita semana, ou mesmo poderase cambiar a outra data, previo acordo dos voceiros dos grupos municipais. No presente caso os voceiros acordaron que hoxe fose a sesión ordinaria, xa que as festas patronais de Lalín caeron na semana que lle correspondía inicialmente a sesión.

A todos os asistentes entregóuselles a orde do día, o expediente púxose á súa disposición e cumpríronse tódalas determinacións previstas na normativa vixente.

Actúa como Secretario Xeral *D. César López Arribas*.

Actúa como Interventora Xeral, *D<sup>a</sup>. Marta Oviedo Creo*.

De orde do Sr. Presidente, e seguindo as súas instrucións, entrouse no estudo e deliberación dos asuntos que conforman a orde do día co seguinte resultado:

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA Nº 10/2016, DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 16 DE AGOSTO DE 2016.**

Deuse conta pola Presidencia do borrador da acta Nº10/2016 da sesión extraordinaria celebrada o día 16 de agosto de 2016. De seguido o Sr. Presidente preguntoulles aos asistentes se tiñan algunha observación que facer á mesma.

Non habéndoas, por **UNANIMIDADE** dos asistentes aprobouse a dita acta Nº 10/2016, da sesión extraordinaria celebrada o día 16 de agosto de 2016, ordenándose a súa transcripción ao Libro de Actas.

### **2.- DECRETOS DE ALCALDÍA. DACIÓN DE CONTA.**

Dáse conta das seguintes resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última relación comunicada a este órgano.

***O Concello Pleno quedou enterado.***

### **3.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 9-P/2016. CRÉDITO EXTRAORDINARIO.**

**L**  
3

**K**

**M**

**O**

**Secretaría Xeral**

A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía, de data 29 de setembro 2016. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 3 de outubro de 2016.***

De seguido producíronse as seguintes intervencións, deste punto e do punto seguinte da orde do día:

Na defensa da proposta o edil ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** resaltou que este expediente xa viñera tres veces ao Pleno e polo tanto, esperaba que esta fose a definitiva. Defendeu que non se trataba de posicionamentos ideolóxicos, senón de necesidades como por exemplo a construción dun parque infantil, obra que tiveron que solicitar máis de douscentos veciños, ou o tema do tratamento de residuos e os composteiros que se non se sacase adiante, suporía un freo ao compostaxe e a dous postos de emprego.

En definitiva, eran catro propostas necesarias (colocación dunha valla na rúa dos Lirios, construción dun parque infantil, os composteiros e reparacións no Auditorio) e non entendía que se votase en contra das mesmas por motivos ideolóxicos. Entendía que había que sentarse a negociar pola situación numérica dos distintos grupos no Pleno, pero para el que se debatira por terceira vez, era innecesario. A maiores incidiu en que estaban ao límite dos prazos para licitar e executar as obras. Se non se aprobase neste Pleno, senón no seguinte, as obras perderíanse por falta de prazos, non habería marxe para sacar as propostas adiante.



Rematou pedindo ao *Sr. Secretario* que nas sesións debía estar a última acta, e neste caso era importante, porque no Pleno anterior esta proposta votouse punto por punto. Era importante tela para coñecer o que pasou na dita sesión.

Pediu o ***Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio***, que interviñese o Sr. Secretario para aclarar se na sesión anterior se votara ou non punto por punto a proposta de modificación de créditos porque había veciños da rúa dos Lirios aos que se lle informara mal sobre as votacións.

O ***Sr. Secretario*** aclarou que tendo en conta que a anterior sesión plenaria fora o 8 de setembro, e entre tanto, houbera tamén un proceso electoral o día 25 de setembro, e ademais que os días 26 e 27 de setembro foran días festivos locais, por isto a acta do Pleno non estaba rematada o luns anterior ao Pleno. Confirmou que efectivamente, a votación do expediente de modificación de créditos fora punto por punto.

Tamén coincidiu o ***Sr. Xosé Crespo Iglesias***, voceiro do PP, en que nesta sesión debía estar para aprobarse a acta da última sesión, xa que se o Sr. Secretario tiña tempo para estar no Concello de O Irixe, tamén debía telo para elaborar as actas. Indicou que se votaron os puntos 2 a 3 por separado, e dixo coincidir con *Paco Vilariño*. Propuxo debater os puntos 3 e 4 da orde do día conxuntamente para despois proceder a votalos por separado.

De novo ***D. Francisco Xavier Vilariño Taboada*** dixo estar de acordo coa proposición de debate conxunto que fixo o voceiro popular. Destacou o punto de turismo pola importancia que el cría que tiña para os veciños e veciñas, e para o Concello polas actuacións promocionais. Pediu centrar o debate nos puntos que se fan votar en contra.



Secretaría Xeral

No uso da palabra **D. Juan José Cruz García**, concelleiro non adscrito, destacou que había unha coalición dende a súa saída do Goberno, entre o goberno municipal e o PP que conviñeran certos pactos políticos pero non todos se cumpriran porque o PP tiña máis pistas propostas nos pactos. A el non o chamaron para ter esa reunión sobre as pistas polo que non entendía que se falase de coalición no lado do PP e do concelleiro non adscrito. Dixo que os veciños de Lalín podían dirixirse a el para plantexarlle cuestións que el apoiaría e faría presións.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, chamou á orde a concelleiro non adscrito como primeira chamada, e pediulle que centrase o debate no punto da orde do día, que xa na quenda de Rogos e Preguntas poderían abordar outros temas con total liberdade.

Contestou **D. Juan José Cruz García** que non tiña problema en dedicarse só a votar e non falar nos Plenos para falar logo na prensa.

Seguiu **D. Xosé Crespo Iglesias** dicindo que as actas debían estar nos Plenos. Dixo que había dous Plenos e que o goberno rompería para quedar en minoría. Polo que cando se trouxo por primeira vez esta proposta ao Pleno, non se negociara nada nin co PP nin co concelleiro non adscrito e acordaran entón negociar. Despois de negociar, levouse por segunda vez a proposta a Pleno e votouse punto por punto.

O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, indicoulle ao Sr. Crespo que se centrase en debater a proposta dado que tamén ao Sr. Cruz se lle pedira que deixase para rogos e preguntas outras cuestións.

O Sr. **Crespo Iglesias** dixo que o que era urxente xa se aprobara no Pleno anterior e o resto dos puntos que non se aprobaran, entre eles o da rúa dos Lirios, dixera que eran negociables, e así debía figurar na acta ou na gravación do Pleno.

Non estaban de acordo cos composteiros porque coidaba que estes debía pagalos a Deputación Provincial, xa que era un escándalo que creara axudas para ese fin para concellos grandes coma Vigo. Nos concellos máis pequenos coma Lalín tamén debían pagalo. Por iso non votaron a favor desa proposta.

En canto á proposta da rúa dos Lirios dixo que lle parecía razoable, mentres que o do parque infantil, non lles parecía razoable por coherencia, porque cría que debía facerse con fondos propios pero sen cargo ao remanente, ao igual que por lóxica non votarían a favor dos composteiros. En canto o da reparación do auditorio poderían estudar.

Pedi polo tanto que se negociase e que se lle dixese cal era o remanente total que quedaba.

De novo **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** dixo que o remanente debía empregarse nas necesidades dos veciños; por isto era un esforzo dos membros do goberno que fose realidade. Dixo que os proxectos non se fixeran co goberno anterior. Por iso votaban agora en contra, porque evidenciaba o que non fixeran durante o goberno do PP. Son propostas sen debate ideolóxico, insistiu. Pidiu novamente responsabilidade á hora de votar. Por iso pedía a acta para ver as votacións do Pleno anterior.


O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuiña Aparicio**, pediulle ao Sr. Secretario que lese as

L 5

K

M

N



Lalín km cero



Concello de Lalín

**Secretaría Xeral**

votacións do Pleno anterior, e **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que non estaba de acordo con iso, que iso non eran as regras do xogo porque tiñan a acta agochada para o que lles conviña, polo que pediu que se lera toda a acta e non só o punto dos Lirios que lle conviña ao goberno. Finalmente non se leu a acta.

**D. Francisco Xavier Vilariño Taboada Vilariño** dixo que con independencia de ler ou non a acta, o PP votara en contra da valla na rúa dos Lirios no Pleno anterior, e que incluso podían facer un receso neste Pleno para negociar.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** recriminoulle ao *Sr. Secretario* que non levase a acta ao Pleno para aprobar, pero que si a tivese para ler o que lle conviña.

**D. Nicolás González Casares** dixo que revisando votacións en anos pasados en canto a remanentes, a oposición ou ben se abstiña ou ben votaba a favor, que foi o 70 % dos casos, pero non votaba en contra de obras que afectaban favorablemente aos veciños. Só no caso de ser proxectos desmedidos votaban en contra. Por iso non entendía que votasen en contra dun parque infantil que apoiaban máis de douscentos veciños.

Por parte de **D. Juan José Cruz García** salientou que a el non lle chamaran para ningunha negociación. Dixo que ía manter o seu voto en contra en canto á valla da rúa dos Lirios, porque entendía que tiña unha labor pedagóxica para que o pobo de Lalín entendese en que posición estaba el.


O **Sr. Cuíña Aparicio**, Alcalde-Presidente, dixo que isto era o máis lamentable que vira politicamente falando, en moitos anos.

De novo **D. Juan José Cruz García** afirmou que todo dependía da vontade política que houbera. Dixo que non ía permitir que o goberno de Lalín dixese que certas pistas non se levaban a cabo por culpa del.

Mantivo **D. Rafael Cuíña Aparicio**, Alcalde-Presidente, que tiña diferencias co PP, pero que ó grupo popular, a diferenza do concelleiro non adscrito, importáballe Lalín e representaban a moitos veciños que os votaron; pero no caso do concelleiro non adscrito consideraba que non representaba a ningún.

Contestou **D. Juan José Cruz García** no sentido que el non ía ser cómplice da mentira porque el non podía quedar ante os veciños como o que paraba as pistas dado que el non foi invitado a negociar nada. Pediu que se lle chamase para negociar.

**D. Xosé Crespo Iglesias** pediu que non o interrompesen mentres interviña no Pleno. Recriminou que non fixeron a reunión que acordaran tras o último Pleno e dixo que a tónica non podía ser insultarse en prensa e redes sociais e logo pedirlle o apoio. Facíanlle unha encerrona invitando aos veciños ao Pleno. Ían votar en contra, pero presentaban unha moción por urxencia agora mesmo no rexistro e pedía o apoio do concelleiro non adscrito para sacala adiante. Dixo que presentaba a moción para devolverlles a xogada, porque foran desleais dende o goberno levando aos veciños ao Pleno.



O Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, cualificou a actitude do PP de trileirismo.

**D. Xosé Crespo Iglesias** interrompeu ao Sr. Alcalde e **D. Rafael Cuíña Aparicio** chamouno á orde por primeira vez.

Rematou o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio** dicindo que non quería máis sobreactuacións e tonterías en Pleno. Propuxo votar punto por punto, pero o Sr. **Crespo Iglesias** non aceptou.

O Sr. Secretario dixo que senón había unanimidade, non poderían votar punto por punto, e polo tanto votouse a proposta no seu conxunto.

*Na proposta ía recollido un expediente de modificación de créditos, crédito extraordinario por importe de 68.433,72 €.*

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.

*Votos en contra:* once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Abstencións:* ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE**, a proposta da Alcaldía e o Expediente de modificación de Créditos N° 9-P/2016.

#### **4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS N° 11-T/2016. TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS.-**



A Presidencia deu conta deste expediente e da proposta da Alcaldía, de data 29 de setembro 2016. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 3 de outubro de 2016.**

O debate deste punto levouse a cabo conxuntamente co anterior.

*Na proposta recollíase un expediente de modificación de créditos, modalidade de transferencia de créditos por importe de 24.112,34 €.*

Sometido a votación ordinaria o expediente e a proposta da Alcaldía, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* dez (10), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG.



Secretaría Xeral

Votos en contra: once (11), sendo dez (10) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.  
Abstencións: ningunha.

Xa que logo **REXEITOUSE** a proposta da Alcaldía do Expediente de Modificación de Créditos N° 11-T/2016, transferencia de créditos.

**5.- COMPARECENCIA DO SR. CONCELEIRO DELEGADO DE INFRAESTRUCTURAS RURAIS APROBADA NA SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 8 DE SETEMBRO DE 2016.**

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio**, comezou indicando se alguén quería facer algunha pregunta, e **D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que primeiro o Concelleiro tiña que comparecer, tiña que dar unha explicación do que pasou e logo a oposición preguntaría o que crese pertinente, porque iso era o que marcaba o Regulamento.

Comezou a Comparecencia **D. Miguel Ángel Medela Dobarro** que de xeito literal, dixo:

*“Bos días a todos!*

*Non sei que explicación quere que dea (dirixíndose ao voceiro do grupo popular D. Xosé Crespo Iglesias), de por que non se escolleu a brigada. Por que no escollemos a brigada? A brigada non a escollemos. Xa lle dixen que tivera unha reunión co Xefe de Distrito e loxicamente o meu erro foi que a reunión non foi formal, non foi unha reunión formal, e por iso falando con eles, a eles o que máis lle interesaba é o servizo de motobomba e por iso escollín o que foi.*

*Loxicamente cando temos o tema das brigadas, nesta Comarca témolas bastante ben recollidas, pois optei polos dous condutores de motobomba porque temos tres motobombas e para prestar ese servizo continuamente. E por iso non escollemos a brigada e collín o servizo de motobomba, xa que, tamén penso que o servizo de extinción de incendios é competencia totalmente da Xunta, xa que nós cando contratamos, tanto agora o das motobombas como o da brigada, quen o regula todo é o Distrito Forestal, que é da Xunta, ou sexa que, nós contratámoslos e non os volvemos ter máis ata que finalicen o contrato. Agora non sei que preguntas queren que lle conteste”.*


**D. Xosé Crespo Iglesias** díxolle ao Sr. Secretario como ían regular a comparecencia e cal ía ser o procedemento.

O Sr. Secretario dixo que mellor mediante preguntas e respostas.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que ía empezar a preguntar pero para que fose breve a comparecencia, díxolle a **D. Miguel Ángel Medela Dobarro** que procurase ser breve e el tamén sería breve. Preguntou: *¿Cal foi o motivo real de non contratar a brigada? ¿O real?*

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** contestou que o acababa de dicir.

**D. Xosé Crespo Iglesias** díxolle: *¿porque lle dou a gana non?*





Secretaría Xeral

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** contestou que non porque lle dou a gana.

**D. Xosé Crespo Iglesias** díxolle: *¿por que non lle pareceu correcto entón?*

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** contestou que non, que tampouco porque non lle pareceu correcto, que non acababa de dicir iso. Dixo que o servizo de Brigadas tiña dez Brigadas na Comarca do Deza, e o Concello de Lalín tiña tres motobombas que non daban prestado o servizo de motobomba, xunto cos tres de Protección Civil e cos seis de GES. Resultaba imposible e había dous días á semana que non se daba prestado o servizo polo tanto, tendo os dous condutores, era un servizo que se podería manter toda a semana e as 24 horas do día.

**D. Xosé Crespo Iglesias** preguntoulle se era consciente de que o Concello de Lalín, dende que empezaran as Brigadas sempre tivera como mínimo unha ou, ás veces, dúas brigadas contratadas con cargo á subvención da Xunta onde o Concello tiña que poñer só unha pequena parte, se sabía que sempre fora así. Cando chegaron ao Goberno, dixo o voceiro popular, o seu grupo xa deixara practicamente preparada unha brigada.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** contestou que non fora así, que a contratara o goberno actual.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que entón o ano pasado contratáranla e o este non, e preguntou se seguía mantendo que era política como lle dixo ao Xefe do Distrito, como lle confesara ao Distrito Forestal, que fora política a decisión de non ter a brigada. Preguntou: *Foi unha decisión política?*

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que non, e que non dixera iso exactamente. El dixo que cando estivera noutra reunión que tivera co Xefe de Distrito, ese díxerlle que non quería saír en prensa, mais que nada porque tivera chamadas de arriba, ao que o Sr. Medela díxerlle que non fixese caso nesas cousas porque esas cousas si eran política. Fora iso ao que se referira co de que era política, non fora por non contratar a brigada, e se non fose unha chamada da Xunta poderíalle dicir quen o chamou, se fora un político ou quen o chamara. El cría que foi un político da Xunta quen o chamou.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que o Xefe do Distrito era un funcionario.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** preguntou entón quen o chamara. Un político da Xunta afirmou.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que el non sabía quen chamara ao Xefe do Distrito, que o Xefe do Distrito llo diría entón ao Sr. Miguel Medela se estaba afirmando que foi un político da Xunta.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que iso fora o que lle dixo a el o Xefe do Distrito, que o chamara un político da Xunta.

Secretaría Xeral

**D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou a quen pretendían prexudicar con esa decisión de non ter por primeira vez unha Brigada contratada sabendo que en Lalín había moito monte e había moito lume. Preguntou se pretendían prexudicar ao PP que estaba na Xunta, e para dicir que ardía e que o PP era un desastre.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** contestou que non, por favor. *Desde logo que non.*

**D. Xosé Crespo Iglesias** seguiu a preguntar que a quen quería prexudicar entón porque iso non lle custaba practicamente nada ao Concello de Lalín. Preguntoulle ao Sr. Miguel Medela se sabía canto lle custaba ao Concello de Lalín contratar esa brigada con fondos propios.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que si sabía canto lle custaba.

**D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou de novo canto lle custaba contratar a brigada ao Concello de Lalín. Dixo que se non o sabía non pasaba nada.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** díxolle que si o sabía pero non tiña porque dicirlo, e se pensaba que el non contratou a brigada por guerra co PP que está na Xunta, estaba equivocado: non foi por iso.

**D. Xosé Crespo Iglesias** replicou que se llo dixo ao Xefe do Distrito que era política.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** insistiu que non era por iso, que non entendía o que estaba dicindo.

Neste intre entreviú o **Sr. Alcalde, Rafael Cuiña Aparicio**, para indicar que a orde da comparecencia era de pregunta e resposta e polo tanto, que non se interrompesen mutuamente.

**D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou se era consciente o Concelleiro de que non tiñan brigada para prestar ese servizo e que ao tempo deixaban descuberto Lalín da inmediatez que permite ter unha brigada e que así había que esperar polas dos Concellos limítrofes, como neste caso a de Agolada ou a da Estrada.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** respondeulle cunha pregunta, se pensaba o voceiro popular que non contratando o goberno unha brigada os montes de Lalín estarían descubertos.

**D. Xosé Crespo Iglesias** matizou que máis descubertos, non descubertos. Estaban máis descubertos do que estarían tendo unha brigada.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** respondeu que tendo Distrito Forestal no Concello de Lalín, o problema ía ser se ía arder máis ou ía arder menos por non contratar o Concello a Brigada. Pregunta se iso lle parecía real.

**D. Xosé Crespo Iglesias** alegou que el non dixera iso.



Secretaría Xeral

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que si o dixera, que os montes non ían estar protexidos porque o goberno non contratou a brigada.

**D. Xosé Crespo Iglesias** respondeu que ao ter unha brigada ían ser moito máis efectivos que senón a tivesen.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** respondeu que no caso do Concello de Lalín iso non era así, porque a Brigada a levaba a Xunta, non o Concello, que o Concello só a contrataba. Se ardese en Goiás por exemplo, dixo que el non podía chamar a brigada e indicarlle que fose para Goiás.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que non, claro.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que: ¿entón quen levaba a brigada, o Concello ou a Xunta?

Neste intre volveu intervir o **Sr. Alcalde, Rafael Cuiña Aparicio** para indicar de novo que non se interrompesen mutuamente, que só tiñan que preguntar e responder pero non debater.

**D. Xosé Crespo Iglesias** matizou que se el preguntaba e lle devolvía unha pregunta o **Sr. Medela**, tería que responderlle.

O **Sr. Alcalde, Rafael Cuiña Aparicio** indicou que el era o encargado de presidir o debate.

**D. Xosé Crespo Iglesias** respondeu que sempre lle estaba a dicir que o que presidía os debates era o Alcalde pero que el non tiña ningún complexo.

O **Sr. Alcalde, Rafael Cuiña Aparicio**, díxolle que non tiña ganas de guerra e que lle estaba a dicir o Sr. Secretario que non podía ser así.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que como tiña que ser entón porque el preguntalle ao Sr. Secretario.

O **Sr. Alcalde, Rafael Cuiña Aparicio**, díxolle que preguntas e respostas, que era o que estaba a dicir o Sr. Secretario.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo entón que se o comparecente lle preguntaba el que facía logo: respondía ou non?.

O **Sr. Secretario** indicou que non, que non respondía.

O **Sr. Alcalde, Rafael Cuiña Aparicio**, díxolle que era o que lle estaba dicindo.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que el non o daba entendido e que polo tanto, díxolle ao

Secretaría Xeral

*Sr. Miguel Medela* que non lle preguntase.

O Sr. Alcalde, **Rafael Cuíña Aparicio**, pediulle ao Sr. Crespo que continuase coas preguntas.

**D. Xosé Crespo Iglesias** continuou preguntando se pensaba o *Sr. Miguel Medela* que os incendios que se rexistraron en Lalín puideron apagarse antes se tivese unha brigada o Concello ou non.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** indicou que non.

**D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou se sabía o *Sr. Medela* que os lumes nas vivendas e nos núcleos rurais, que é o que rodea as vivendas en todas as aldeas, era competencia municipal e non da Xunta.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** indicou que si.

**D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou no caso de Vilar e O Navallo, con que efectivos pretendían apagar o incendio nas zonas de competencia municipal que tiveron que apagar os da competencia da Xunta.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** respondeu que os mesmos medios que se terían se o incendio pasase dentro de dous meses.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que de acordo; pero debía recoñecer que non era o mesmo o mes de decembro que o mes de agosto nun incendio. Era bastante distinto, precisou o voceiro popular. Preguntou cales foron os efectivos que aportou o goberno municipal aos incendios que tiveron lugar en Lalín como o de Goiás, Lebozán ou Vilar e O Navallo. As motobombas supoñía.



**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que si, as motobombas.

**D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou tamén se fora o GES.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que si, que tamén fora o GES e Protección Civil. Protección Civil foi co todoterreo e o GES foi ca motobomba.

**D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou como se entendía que o Sr. Alcalde ofrecese medios, unha brigada das que se supón habituais, por se non a tiñan, aos de Cotobade. Dixo o voceiro popular que vira na prensa que o goberno de Lalín lle ofrecera mandarlle a motobomba cando ardía en canal Cotobade.

O **Sr. Alcalde, Rafael Cuíña Aparicio**, díxolle que iso llo podía contestar el por alusións. Sobre os medios do Concello, Protección Civil, o GES e a motobomba, falara co seu amigo, o Alcalde de Cotobade, compañeiro de partido do *Sr. Crespo Iglesias*. Indicoulle ao Sr.



Secretaría Xeral

Crespo que falase co Alcalde de Cotobade, o cal lle podía explicar máis polo miúdo o que se falou. Pero lle recriminou que lle quedou ben a pregunta.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que el tamén falou co Alcalde de Cotobade.

O **Sr. Alcalde, Rafael Cuiña Aparicio**, díxolle que seguramente era máis amigo seu ca do **Sr. Crespo Iglesias**, ao que **D. Xosé Crespo Iglesias** contestou que lle era exactamente igual, por se cría que lle preocupaba, éralle exactamente igual; dixo que falara con el e que non era como dixeran o Sr. Alcalde na prensa.

O **Sr. Alcalde, Rafael Cuiña Aparicio**, contestoulle :“*anda mira!*”.

**D. Xosé Crespo Iglesias** ante a contestación do Sr. Alcalde, díxolle que se non o cría que chamase ao Alcalde de Cotobade.

Continuou preguntando **D. Xosé Crespo Iglesias** se sabía o **Sr. Medela** cando asinaran o Convenio das motobombas e cando se puxeran a traballar os condutores.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** contestou que si, claro, que o convenio se asinara o 26/08/2016, a firma fora o 28/08/2016.

**D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou: ¿de xullo?.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo de agosto, pero logo rectificou, de xullo.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que a finais de xullo se asinara pero que os traballadores da motobomba se puxeran a traballar na segunda quincena de agosto: unha execución maxistral, ou sexa, a única brigada que contrataron foi a das motobombas e resultou que se firmou un convenio a finais de xullo e empezaron a traballar os traballadores na motobomba, na segunda quincena de agosto, unha efectividade.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que iso tiña unha explicación, e **D. Xosé Crespo Iglesias** pediulle que llo explicase entón.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** contestou que a explicación era que a técnica que levaba todo ese papeleo, enfermara de xeito repentino, e dixo que de feito lle preguntara ao seu marido por ela e seguía bastante grave, e por iso, houbo ese atraso.

**D. Xosé Crespo Iglesias** contestou que lle gustaría crer a explicación, pero non.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** contestou indignado que como que lle gustaría crelo! Pero que non lle ía dicir os nomes en Pleno.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que podía ser que si pero dubidaba.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** díxolle que era a mesma persoa a que enfermara, a

**Secretaría Xeral**

que lle levou os trámites do Convenio ao goberno do PP, e loxicamente enfermou de repente e iso causou esa tardanza.

**D. Xosé Crespo Iglesias** díxolle que el gobernara xa algúns anos e cando unha persoa está levando un tema e ten unha baixa, hai outra persoa que a substitúe.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** díxolle que exactamente, pero que iso levou un tempo e por iso se tardou co convenio.

**D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou se sabía o Concelleiro que o Concello de Lalín foi o último Concello de Galicia, porque non querían, segundo pensaba o voceiro popular, en asinar o Convenio e contratar aos traballadores.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** díxolle que lle estaba explicando o porque, porque a técnica enfermara.

**D. Xosé Crespo Iglesias** contestou que entón se enfermase o Secretario xa non habería Pleno.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que tiña todo esa técnica, e a outra persoa que estaba no Departamento da Técnica, estaba de vacacións.

**D. Xosé Crespo Iglesias** díxolle que iso se chamaba xestión.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo: *¿Que xestión? ¿Que lle vou regular eu as enfermidades aos funcionarios?*

**D. Xosé Crespo Iglesias** contestou que non se refería a iso, que se refería á xestión se un funcionario enferma.

O voceiro popular e o Sr. Concelleiro seguían co mesmo tema, e entreviú o **Sr. Alcalde, Rafael Cuíña Aparicio**, para indicar novamente que a estrutura da comparecencia era de preguntas e respostas como estaba indicando o Sr. Secretario.

Continuou preguntando **D. Xosé Crespo Iglesias**, se pensaba o Concelleiro que aos veciños se lles axudaba, indo a facerse unha foto cando había un incendio ou contratando efectivos, que encima ao Concello de Lalín non lle custaban case nada, porque pagaba a práctica totalidade a Xunta de Galicia.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** díxolle que cando eles foron ata alí, foi por mirar como ía o incendio. O voceiro popular interrompeuno para dicirlle que era por facer a foto.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** díxolle que non era por facer a foto senón por acercarse alí.

O Sr. Alcalde, **Rafael Cuíña Aparicio**, pediu que lle deixase contestar a el. Dixo entón



Secretaría Xeral

que fotos era ir cunha mangueriña e vestido cun traxe a un incendio.

**D. Xosé Crespo Iglesias**, dixo que parecida á foto que sacaran eles.

O Sr. Alcalde, **Rafael Cuíña Aparicio**, explicou que se o avisaban de que había un incendio con casas en risco, o mínimo que debía facer un Alcalde era estar ao lado dos veciños, aínda que o voceiro popular podía estar no balneario do Senado se quería. Pero o mínimo que podía facer o Alcalde era estar ao lado dos veciños. Dixo que dende logo el non tiña un equipo para meterse alí a apagar o lume nin era a súa labor dende logo, e podía coller unha mangueriña pero dáballe vergoña como fixo o líder do PP.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo: *o líder do meu partido a moita honra.*

**D. Xosé Crespo Iglesias** seguiu preguntando, dicindo que xa ía rematar e que estaba a ser moi benévolo coas cousas todas que fixera o Sr. Medela.

O edil delegado preguntou indignado: *¿como que coas que fixen?.*

**D. Xosé Crespo Iglesias** matiza entón que se refería a este proceso porque encima enganouno a el.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que el non o enganara.

**D. Xosé Crespo Iglesias** respondeu que si o enganou porque falaran no hall e contoulle unha mentira.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que non, que estivera reunido co Xefe do Distrito, pero que non era unha reunión oficial.

**D. Xosé Crespo Iglesias** contestou que todo este proceso viña por tomarlle o pelo a el no hall do Concello.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que non, que estaba equivocado.

**D. Xosé Crespo Iglesias** contestou que non, que os dous sabían que era verdade o que el dicía, que era a palabra dos dous porque estaban só os dous e díxolle unha mentira.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que non era así, que el dixo que era verdade que falara co Xefe do Distrito pero non era unha reunión oficial.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo se logo o funcionario era tan tonto como para dar unha nota de prensa dicindo que non consensuara co concelleiro.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo múltiples veces, que por que a tiña que dar e por que tivera dúas chamadas despois.

Secretaría Xeral

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que o funcionario era independente e **D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo *independente de que?. E logo por que o chamaron despois? Tan pronto saíu na prensa por que o chamaron?. Se é independente: Por que o chamaron entón?*

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo que ese funcionario xa estivo no bipartito, estivo despois con eles no PP, porque era un funcionario independente e facía o seu labor e non lle gustaba que lle tomasen o pelo.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que non lle tomara nada o pelo, que o que non lle gustaba era que saíse.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo lle asegurara o funcionario que cando saíu na prensa o chamara e dixerá que era mentira que non pactara nada co *Sr. Medela*, e quedou así a cousa ata que dentro dun mes saíu o *Sr. Medela* de novo na prensa dicindo o mesmo e entón o funcionario reventou.

Ante a disputa entre os dous, o **Sr. Alcalde, Rafael Cuíña Aparicio**, entrevistou de novo para dicir que en vista de que por cuarta vez non lle facían caso de que a comparecencia se estrutura en preguntas e respostas, só permitiría unha pregunta máis para rematar a comparecencia.

**D. Xosé Crespo Iglesias** preguntou se mantiña o Concelleiro que estaba consensuado co Distrito Forestal non contratar ningunha brigada e cal foi o motivo de volver a mentir nun tema tan serio como as negociacións coa Brigada Forestal, primeiro díxolle que se inventara a mentira e logo...



Interrompeuno o **Sr. Alcalde, Rafael Cuíña Aparicio**, para dicirlle que a pregunta estaba clara e pediulle ao *Señor Medela* que contestase.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** contestou que como lle dixerá ao principio o seu fallo foi que cando se reunira co Xefe do Distrito Forestal non fora unha reunión oficial, ese foi o seu fallo dixo.

**D. Xosé Crespo Iglesias** contestoulle que o seu fallo fora mentir, e rematou as preguntas se ben primeiro recordoulle ao Sr. Alcalde que o goberno popular en ano e medio nunca pediran a dimisión de ningún membro do Executivo, nunca, nin a do propio Alcalde cos problemas graves que tivo, nin a do *Sr. Medela*, e por temas moito menores, os membros do goberno pediron a dimisión dos membros do grupo popular, moitas veces, pero eles en ano e medio non pediron ningunha dimisión. Advertiu que se o *Sr. Medela* fixese outra, ía pedir a súa dimisión, esta era a segunda cousa que lle pasaban. A primeira Luis Madrífñán Crespo; e a segunda, esta. *Faga outra!* Advertiu, para que non seguise mentindo.

**D. Miguel Ángel Medela Dobarro** dixo que el non mentiu.

O Sr. Alcalde, **Rafael Cuíña Aparicio**, díxolle ao *Sr. Medela* que iso era xogo político, que o PP quería vender unha situación e o *Sr. Medela* tiña que defenderse, e indicoulle que era





Secretaría Xeral

igual que dixeran que era mentira, porque o goberno sabía que non mentía.

Con estas verbas deuse por rematada esta comparecencia.

**6.- SOLICITUDE DE COMPARECENCIA DO SR. ALCALDE, A PETICIÓN PROPIA, PARA DAR CONTA DAS XESTIÓNS E MEDIDAS QUE SE ESTÁN A ADOPTAR PARA REGULARIZAR A SITUACIÓN DOS EMPREGADOS PÚBLICOS CONTRATADOS EN FRAUDE DE LEI.**

A Presidencia deu conta da presente solicitude, presentada no rexistro de entrada municipal o día 29 de setembro de 2016 co número 7970. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 3 de outubro de 2016.***

Na rolda de voceiros o Sr. Alcalde ***D. Rafael Cuiña Aparicio*** indicou que había uns requirimentos da Inspección Provincial de Traballo de Pontevedra indicando que os contratos laborais asinados nestes anos de atrás, algún dende os anos 1990, 1996 estaban asinados en fraude de lei, en concreto 34 contratos do Concello e 14 contratos do Padroado. Referíase aos contratos laborais de Padroado Cultural de Lalín e aos do Concello. Lembrou o que sucedeu co político socialista “Pachi Vázquez”.

Por alusións ***D. Xosé Crespo Iglesias*** indicou que el, a diferenza co nomeado político, non tivo un informe en contra do Secretario Xeral.

Seguiu o Sr. Alcalde, ***D. Rafael Cuiña Aparicio***, indicando que estaban preocupados pola saída que había que dar a estes requirimentos e o custe que suporían para o Concello, entre sesenta e cen mil euros anuais. Indicou que as obras e servizos que xustificaban estes contratos non estaban feitos axeitadamente e que había preocupación no Concello por este tema.

Desde o PP, ***Dª Raquel Lorenzo Fernández*** dixo que non se opoñerían a esta comparecencia, tal e como anunciaron na sesión da Comisión Informativa.

Sometida a votación ordinaria a solicitude de comparecencia do Sr. Alcalde, mediante o sistema de man alzada, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* once (11), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* dez (10) do PP.

Xa que logo **APROBOUSE** a solicitude de comparecencia do Sr. Alcalde- Presidente do Concello de Lalín – a petición propia- ante o Pleno da Corporación Municipal na vindeira sesión ordinaria, para dar conta de todas as xestións e medidas que está a adoptar o goberno municipal para regularizar a situación dos empregados públicos que se atopan contratados en

Secretaría Xeral

fraude de lei dende a etapa do Partido Popular.  
O Sr. Alcalde comparecerá no vindeiro Pleno.

**7.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO PARA SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE INDUSTRIA A REVISIÓN DA AUTORIZACION Á EMPRESA PROMOTORA DA LAT O IRIXO-LALÍN E Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE A REVISIÓN DA DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL.**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 29 de setembro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 7972. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade do día 3 de outubro de 2016.***

Na defensa da moción, entrevistou o *Concelleiro Delegado de Urbanismo, D. Nicolás González Casares*, afirmando que á vista de que no anterior Pleno non se aprobou a solicitude de declaración do ENIL de Casas Vellas, á vista de que a Fraga seguía ameazada, e moito máis á vista da negativa de certos concelleiros ao ENIL, o grupo de goberno, a instancias dalgunha asociación ecoloxista que presentou un escrito no Concello como foi Petón do Lobo, onde facía unha serie de xuízos e de propostas, decidiu presentar esta moción ao Pleno, buscando unha vez máis todas as posibilidades que tiñan na súa man de parar a desfeita na Fraga das Casas Vellas, é dicir, había diferentes opcións, e dende o goberno consideraron que o ENIL era unha das ideas básicas para facelo pero as limitacións que se estaban a poñer desde outros grupos, estaba dificultando que se puidese seguir loitando por salvar Casas Vellas.

Neste caso coa moción buscaban seguir a iniciativa do Asociación Petón do Lobo, principalmente na parte referente ao impacto ambiental, non tanto na revogación da Licenza que tamén pedía a Asociación Petón do Lobo, porque a revogación da licenza estaba *sub iudice*, debido ao contencioso con Unión Fenosa que tería a súa vista en novembro. Aquí sería onde se vería se sería preceptivo ou non que o Concello de Lalín revogase a licenza a Unión Fenosa para a LAT O Irixo-Lalín.

Considerou que houbo responsabilidade previa da maioría dos presentes, salvo o grupo de goberno, o que provocou que tivesen que reclamar o que se pedía na moción a Fenosa. Isto era, o feito de que non se quixera a solicitude do ENIL, levou ao grupo de goberno a presentar a moción.

Lembrou que un ENIL non era nin un Parque Natural nin nada que se lle parecese; o ENIL era un Espazo Natural de Interese Local onde o Concello solicitaba á Xunta de Galicia en base a un estudo, que se declarase o ENIL. O Plan de Conservación non había que solicitalo, tiña que ser a Xunta de Galicia a que o solicitase e consideraba que había moita equivocación ao respecto.

Manifestou que o proceso relativo ao LAT foi tedioso. Empezou no ano 2007 e cando se pediu, Unión Fenosa Distribución quería que se fixese a LAT Irixo-Lalín. O expediente seguiu a súa tramitación administrativa, na Xunta de Galicia e Industria pero o que era certo, era que a pesar de que houbo alegacións e de que o que foi anteriormente o goberno, sabía que houbo alegacións nas que se advertía que se danaba unha paisaxe de singulares características para



Secretaría Xeral

Lalín. Non foi ata o ano 2014 cando unha moción da oposición do grupo socialista pediu que se cambiase o trazado da LAT, para que non atravesase Casas Vellas e se soterrase pola N-525. E nese momento, o *Sr. Crespo Iglesias* amosárase contrario á solución proposta por varios motivos, entre eles, o atraso da LAT cun argumento moi curioso: dicindo que Casas Vellas non tiña moita importancia natural e que só ía ser unha franxa de 15 metros de ancho de media e 500 metros de longo.

O 24 de novembro de 2014, co asunto na rúa desde setembro de 2014, foi cando os grupos da oposición presentaron unha moción conxunta para que se estudase a declaración do ENIL. Aprobouse xa naquel momento e o grupo popular decidiu entón variar o seu posicionamento, amagando con virar; pero ao final non viraron de todo, como se viu no Pleno anterior de setembro deste ano.

Sinalou que realmente todo o que se pedía nesta moción estaba perfectamente argumentado con informes do Consello da Cultura e tamén polas declaracións e polos diferentes Informes do Valedor do Pobo onde instaba ás Consellerías a que tomasen as medidas. No último Informe presentado neste mes de setembro, volvíase instar ás Consellerías para que tomasen medidas para o soterramento e desprazamento da liña de alta tensión. Non o dicía polo tanto o goberno senón o Valedor do Pobo, e incluso as Consellerías, e así se facía constar no Informe, que estaban de acordo con que realmente se debían tomar esas medidas. No mesmo Informe do Consello da Cultura dicíase que se vulneraba a Directiva de Hábitats, algo increíble e que non aparecía na Declaración de Impacto Ambiental, pois alí non había castiñeiros. A castaña sativa que non estaba. Iso poñía a Declaración de Impacto Ambiental e por iso querían ir contra ela, porque non reflicten para nada o que había en Casas Vellas. Así mesmo tamén se vulneraba a Directiva de Avaliación Ambiental no seu artigo 3. Polo tanto, estaba máis que argumentada a moción.

Comparando a Declaración de Impacto Ambiental co Informe do Consello da Cultura Galega que enviou especialistas á zona, contradiciábase, porque a Declaración de Impacto Ambiental non recollía certa vexetación da zona mentres que o Informe do Consello da Cultura Galega dicía que si había esa vexetación que na Declaración de Impacto Ambiental non se recoñecía. De feito quen fose a Casas Vellas podía observar perfectamente alí a castaña sativa e os carballos por exemplo. Evidentemente na solicitude de Declaración de ENIL, verificado pola bióloga e no Informe previo que houbo, certificábase que había castañas sativa, que na Declaración de Impacto Ambiental non se recoñecía.

Polo tanto o goberno consideraba que a Declaración de Impacto Ambiental e todo o que conlevaba posteriormente na autorización da LAT, era un proceso viciado dende o inicio.

Ao goberno gustaríalle máis seguir a liña que tiña prevista que era a solicitude de ENIL, aprobación da solicitude de ENIL e logo a tramitación na Xunta de Galicia. Recordou novamente que nin o Concello de Lalín, ao igual que ningún Concello de Galicia, tramitaba a declaración de ENIL, dado que a tramitación lle correspondía á Xunta de Galicia, e o Plan de Conservación tramitábo a Xunta de Galicia, que instaría ao Concello a que realizase un Plan de Conservación en dous anos. Posteriormente á declaración de ENIL sería cando habería que elaborar un Plan de Conservación, de acordo evidentemente cos veciños e veciñas da zona.

Reiterou que o goberno non ía contra a licenza, como pedía a Asociación de Petón do Lobo, porque era un asunto que estaba en vía xudicial, nun contencioso-administrativo que tiña vista para o mes de novembro, pero si crían que agora era o momento de tomar outras medidas porque desde logo, este goberno, non ía quedar quieto se se talasen as árbores, non

**Secretaría Xeral**

o ían permitir e tomarían as medidas preceptivas.

Esperaba que o grao de responsabilidade fose igual para todos porque escoitara no último mes por parte da xente da oposición, dende a decisión de non apoiar a declaración de ENIL, que o Concello de Lalín tiña que pagarlle a Unión Fenosa o soterramento da liña para desviar, de tal xeito que aínda por encima de talar as árbores, o Concello tería que desviar a liña e pagarlle esa liña. Isto sería unha auténtica barbaridade que o goberno non ía permitir, non ía gravar aos veciños de Lalín con soterrar unha liña eléctrica. A Xunta de Galicia, responsable da autorización, tiña que velar polos intereses dos veciños e veciñas de Lalín, e polo medio natural que era de todos e de todas, non só dos lalinenses ademais, senón de todos os cidadáns da Terra, e canto máis o defendamos, aínda que sexan parcelas pequenas, mellores resultados teremos no noso porvir.

Non era só unha cuestión de defender Casas Vellas, senón a defensa do medio natural como un principio elemental na política. Nisto estaba comprometido o goberno.

Interviu a continuación o *Concelleiro non adscrito, D. Juan José Cruz García*, que dixo alegrarse de que se comezasen a dar estes pasos en Catasós. Votaría a favor da moción por que cría que había un cambio de concepto, un cambio da forma de traballar este tema e botaba en falta moitas cousas, se ben parecíalle que eran dúas boas mocións porque podían esclarecer moito o tema. Consideraba que se podían pedir máis cousas nas mocións, e dixo que na segunda exposición ía presentar unha pequena emenda á moción e falar se a competencia da licenza era supramunicipal ou non.

Considerou necesario esclarecer as cousas e poñer a traballar aos técnicos, e que sexan eles os que se pronuncien. Ademais, dixo que visto que se lle denegaba poder consultar información, dixo que igual sería reiterativo pero que igual poderían acotar volvendo a pedir o Informe a Patrimonio, un informe que estaba dado e que el puido consultar con asesores.



O Sr. Alcalde, *D. Rafael Cuiña Aparicio* interviu para dicir que non entendía o que acababa de dicir o concelleiro non adscrito de que se lle denegaba información.

Por alusións, o Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García* díxolle ao Sr. Alcalde que se pensaba que ía estar durante o seu horario laboral no Concello, estaba equivocado; isto era algo que xa llo dixera no seu momento, cando estaba no goberno e tamén agora, que tiña ocupacións propias ás que atender.

Contestou o Sr. Alcalde, *D. Rafael Cuiña Aparicio* aclarando que non había funcionarios polas tardes no Concello e que non ían vir só por abrirelle a el, e ademais que si había días que viña polas mañás como cando presentaba as mocións ou cando viña aos Plenos.

Outra vez o Concelleiro non adscrito, *D. Juan José Cruz García* dixo entón que el traballaba e que no cobraba 60.000 euros do Concello para estar as horas que estaban os demais.

O Sr. Alcalde, *D. Rafael Cuiña Aparicio* respondeu que el non cobraba tampouco 60.000 euros e que non entendía ao que se refería. Dixo que tiña os días dos Plenos, os días das Comisións, das Xuntas de Goberno para consultar a información que quixese, que a



Secretaría Xeral

proporcionaban en tempo récord e sen funcionario diante, dixo que estaría á súa disposición cando quixese.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** agradeceu o ton e dixo que non había que ter medo a ningunha consulta de ningún expediente nin nada.

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio** preguntoulle entón se se negara a que consultara algún expediente.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** dixo que era dar un pequeno paso, que xa non era dar cartos e que podía pagarlle a un funcionario.

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio**, contestoulle que podía acudir a ver a documentación os días da Xunta de Goberno, Comisións e Plenos. Todos eses días que non lle afectaban ao horario laboral podía consultar expedientes sen ningún tipo de funcionario diante ou policía como se facía antes, e á semana seguinte todo o que vostede necesite.

Seguindo o debate, o Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, pediu que se lle puxese en tempo e forma para poder consultar os expedientes tal e como se consultaron toda a vida ás tardes.

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio** volveu dicirle que polas tardes estaba cerrado o Concello.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García**, contestoulle que estaba canso de discutir con el, porque non lle custaba tanto pagar un complemento de produtividade a algún funcionario para que puidese ver os expedientes pola tarde como se fixera durante moitísimos anos neste Concello. Preguntou porque se lle denegou facer unha simple fotocopia no Concello, dunha moción que presentou por urxencia. A moción por urxencia que presentou ao Pleno tivo que fotocopiála nunha librería de Lalín. Pediu que se limitasen a falar da moción porque consideraba que non había seriedade.

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio** retiroulle a palabra ao edil non adscrito e preguntou se quería que o chamase á orde por segunda vez na sesión.

O Concelleiro non adscrito, **D. Juan José Cruz García** sinaloulle que non o chamara á orde aínda, pero que esta era a primeira vez.

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio** díxolle que si que o chamara xa unha vez, e que esta xa era a segunda, só que non se enteraba, e volveu a repetirle que tiña os días seguintes a que o solicitase, toda a información que precisase e estaba o goberno disposto a consensuar con el, datas nas que regularmente estivo vindo polas mañás para que acceda á información que solicite, sin policía e sen funcionarios diante, como se facía antes.

**D. Juan José Cruz García** dixo que iso xa era un paso e o **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio** contestoulle que xa era a terceira vez que lle dicía o mesmo.

**D. Juan José Cruz García** interrompeu ao Alcalde e o **Sr. Alcalde** mandouno calar. O concelleiro non adscrito díxolle que non se enfadase e que igual estaba nesa posición porque se cabreou moitas veces.

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio** chamouno entón á orde por segunda vez. Pediuille ao Sr. Secretario que lle explicase que pasaba en caso dunha terceira chamada ao orde.

O **Sr. Secretario** dixo que ante unha terceira chamada á orde, procederíase á súa expulsión.

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio** díxolle que era xa a segunda vez e que no se ía cortar neste Pleno en expulsalo se fose necesario e o merecese. Reiterou que se lle facilitaría, ao igual que se lle facilitaba ao PP, en tempo récord e sen funcionario diante, calquera información que precisase, sempre e cando, houberse persoal no Concello, e como había días que pola celebración das Xuntas de Goberno, das Comisións, dos Plenos... había persoal pola tarde, eses días podería acceder sen problema tamén á información que precisase.



**D. Juan José Cruz García** agradeceullo e o **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio** recordoulle que xa tiña dúas chamadas á orde e advertiulle que xa no Pleno anterior lle perdoara e polo tanto, neste Pleno non se ía cortar en expulsalo. Pediu que isto quedase recollido en acta.

Continuou falando o **Sr. Cruz** para dicir que ía introducir unha emenda na moción, a pesar de estar de acordo coa mesma, que lle parecía unha moción moi correcta e que era o momento de poñer a traballar aos funcionarios do Concello, o que ao mellor ata agora considerou que igual non estaban traballando, ben do Concello ou ben doutras Administracións, polo que dixo que continuaría pedindo cousas.

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio** defendeu aos funcionarios do Concello que cría que estaban á altura do seu traballo, sen a máis mínima dúbida. Consideraba que o edil non adscrito estaba sendo bastante duro cos funcionarios e que seguramente, o seu nivel de descoñecemento, do que facían tódolos días, como o facían, as horas que botaban e os esforzos que realizaban, era a demostración palpable de que o edil nin pasaba polo Concello. Recriminouille que polo seu absoluto descoñecemento, lle estaba faltando ao respecto aos funcionarios públicos e manifestou que non o compartía en absoluto como xefe de persoal do Concello.

Tomou a palabra **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, por parte do grupo popular. Destacou que na exposición de motivos que fixo **D. Nicolás González Casares** foi unha pena non ter a acta do Pleno anterior.

**D. Nicolás González Casares** díxolle que el tampouco a tiña e que xogaban en condicións de igualdade niso.



Secretaría Xeral

**D. José Antonio Rodríguez Fernández** dixo que saíra varias veces pero que era a primeira vez que ía a un Pleno sen ter a acta do Pleno anterior, e para o seu grupo popular era importante porque na exposición de motivos que fixo o Tenente de Alcalde, e incluso no que estaba escrito na moción, era certo que o PP rexeitou a solicitude de ENIL de Casas Vellas no Pleno anterior, pero tamén era certo que o goberno rexeitara unha proposta que se lle puxera encima da mesa sen ningún tipo de intención de facer do ecoloxismo unha bandeira política, nada máis. A postura do grupo popular sobre este tema dixo que era clara. Para non ser repetitivos porque despois había unha moción sobre o tema, precisou que o ENIL podía estar aprobado neste Pleno se aceptaran a proposta do PP. Pero o goberno consideraba que na parte última da exposición do que acababa de dicir, era necesario facer ese tipo de revisións. Estaban de acordo.

Houbo unha segunda quenda de palabra, e entreviú **D. Nicolás González Casares** de novo para dicir que agradecía o acordo e lamentaba o non acordo previo, porque consideraba que non tiñan argumentos dende o grupo popular para os condicionantes que puxeran.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández** dixo que había un condicionante claro, que era o primeiro ENIL da Galicia con propiedade privada, e que había 26 hectáreas con propietarios.

**D. Nicolás González Casares** respondeu que había outros ENIL máis en Galicia con propiedades privadas, e que no caso de Casas Vellas, gran parte desas 26 hectáreas pertencían ao sistema de protección de ríos.

Sinalou **D. José Antonio Rodríguez Fernández** que non ían volver repetir o mesmo pero que ían tratar de equilibrar a propiedade privada e o interese público.


Sostivo **D. Nicolás González Casares** que a cualificación urbanística de Casas Vellas era de solo rústico de protección forestal, polo que só coa cualificación urbanística non se podería facer o que cada un quixese co solo. A limitación que podería engadir un ENIL sobre a protección forestal era mínima, mínima repetiu. Estaba en desacordo con que se botasen sombras afirmando que cun ENIL non se podería facer nada alí, cando realmente sobre un solo de protección forestal de entrada xa non se podería facer.

Respondeu **D. José Antonio Rodríguez Fernández** no sentido de que eles non fixeran iso, que eles votaran en contra pero que non votasen sombras sobre nada. Só querían que se lle dixese aos veciños claramente o que se podía facer.

**D. Nicolás González Casares** interrompeuno para dicirlle que os veciños xa debían saber cal era a lei coma todos.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández** dixo que o ía deixar para a seguinte intervención pero que así xa llo dicía agora, o goberno debía dicirlle aos veciños o que se podería facer, porque senón se limitan os usos ou se a limitación era mínima, debía dicírselle, nada máis. Para iso o goberno si que contaría co apoio do PP de Lalín, e xa neste Pleno .

**D. Nicolás González Casares** contestoulle que estaba errado, porque na seguinte



Lalín muncero



Concello de Lalín

#### Secretaría Xeral

moción levarían a solicitude de declaración de ENIL. Falaran con tódolos veciños e propietarios de Casas Vellas xa no seu momento, polo que non se podía botar sombras sobre iso, e incluso retou á oposición para dicir un propietario vivo co cal non se falara nin se lle explicaran os usos coa declaración de ENIL.

Sempre habería xente a favor e xente en contra de determinadas medidas, pero sería onde as Administracións deberían manter o interese xeral.

Pediu polo tanto que ninguén enganase aos veciños dicindo o que non era. O feito de que fose un solo rústico de protección forestal, xa supoñía que certos usos non se podían levar a cabo polo tipo de protección. O ENIL, a maiores, outorgaría unha figura recoñecida pola Xunta de Galicia para protexer máis e que serviría de elemento de defensa, ao igual que se estaba facendo, tratando de buscar elementos de defensa que tratasen de parar a agresión da liña eléctrica.

No fondo dixo que tiñan que estar de acordo, porque senón resultaba difícil de entender. No que nunca estaría de acordo sería en pagarlle a Fenosa por ter que enterrar a liña. Por iso se mantivesen acordo en canto ao ENIL sería un paso adiante e esperaba que fose así e que a reflexión dende o último Pleno viñese ben para que certas posicións non se visen tan radicais. Esperaba que fose así porque o tempo tamén se esgotaba, e non se podía discutir continuamente do mesmo. Calquera día Unión Fenosa podería talar as árbores e entón xa pouco se daría feito. Esa daga sería para todos, goberno e oposición pero a posición do goberno era clara. Dende a oposición, demostraron que tiñan esa iniciativa tamén.


Interviu nesta segunda quenda **D. Juan José Cruz García** para introducir a súa emenda á moción e un punto a maiores, no que se requira ás Concellerías mencionadas nos acordos dos que falaba a moción, un Informe que acreditase que a declaración de ENIL posterior ao inicio de solicitude de licenza de Fenosa, sería quen de parar as obras. Sobre iso plantexou o debate.

Sostivo **D. Nicolás González Casares** que xa o podía contestar el, podería haber Informe pero coñecendo o que sería unha declaración de ENIL, esa por si mesma, non paralizaría a tramitación anterior da licenza, pero si se dotaría de maiores argumentos para parala, de feito, iso foi o que se levara a cabo nunha moción que estaba en actas de Plenos anteriores e que podía ter consultado o concelleiro non adscrito, que explicaba que o ENIL dotaba dun argumento máis e unha figura máis para protexer a Fraga. A declaración de ENIL por si mesma non limitaba a tramitación. Se quixese o concelleiro non adscrito, podería incluírse iso na moción pero non entendía moi ben cal era a emenda e pediu que o explicase para que o Sr. Secretario tomase nota.

Aportou o texto da emenda **D. Juan José Cruz García** que era: *requirir ás Concellerías mencionadas nos acordos dos que falaba a moción un Informe que acreditase que a declaración de ENIL posterior ao inicio de solicitude de licenza de Fenosa, sería quen de parar as obras, e tamén o mesmo Informe á Secretaría Xeral do Concello.*

Sometida a votación ordinaria a emenda presentada polo Concelleiro non adscrito, obtívose o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte (20), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un





Secretaría Xeral

(1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* unha (1) de D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey, ausente no intre da votación e por imperativo do ROF.

Xa que logo, por **UNANIMIDADE** aprobouse a emenda.

Sometida a votación ordinaria a moción coa emenda incorporada, mediante o sistema de man alzada, tivo lugar o seguinte resultado:

*Votos a favor:* vinte (20), sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, un (1) do BNG, nove (9) do PP e un (1) do concelleiro non adscrito.

*Votos en contra:* ningún.

*Abstencións:* unha (1) de D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey, ausente no intre da votación e por imperativo do ROF.

Xa que logo **APROBOUSE** a moción co seguinte texto:

O pasado 8 de setembro o Pleno da Corporación Municipal rexeitou a aprobación do expediente de solicitude do ENIL para a Fraga de Casas Vellas. Aínda considerando que o documento presentado polo Goberno municipal se axustaba escrupulosamente á normativa e cumpría con todos os requisitos para que este espazo natural contase cunha nova figura de protección que evitase a súa destrución pola LAT O Irixo-Lalín, os representantes do Partido Popular e o concelleiro non adscrito decidiron votar en contra desta proposta poñendo en serio risco o seu futuro.

Por outra banda, o pasado 16 de setembro, e á vista deste acordo plenario, a Asociación Petón do Lobo presenta no Concello de Lalín un escrito no que entre outros aspectos se solicita requirir á Consellería de Economía, Emprego e Industria a que revise a resolución do 9 de maio de 2014 pola que se lle concede autorización á empresa promotora da LAT O Irixo-Lalín.

Entendendo que este escrito non carece de fundamento e que ademais ven avalado pola documentación que aporta con respecto a este asunto o Valedor do Pobo, **o Pleno do Concello acordou:**

1. Solicitar á Consellería de Economía, Emprego e Industria a que revise a resolución do 9 de maio de 2014 pola que se lle concede autorización á empresa promotora da LAT O Irixo-Lalín.

2. Solicitar á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a que revise a declaración de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de data 2 de abril de 2013 para a LAT O Irixo-Lalín.

3. Solicitar ás Concellerías mencionadas nos acordos dos que falaba a moción un Informe que acredite que a declaración de ENIL posterior ao inicio de solicitude de licenza de Fenosa, sería quen de parar as obras, e tamén o mesmo Informe á Secretaría Xeral do Concello.

Secretaría Xeral

## **8.- MOCIÓN DO GRUPO DE GOBERNO DE CONDENA AO TRANSFUGUISMO EN SOLIDARIDADE CO PP NA SÚA PETICIÓN DE DIMISIÓN Á SENADORA RITA BARBERÁ.**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 29 de setembro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o mesmo día co número 7971. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade cidadá, Cultura e Educación do día 3 de outubro de 2016.**

Na defensa da moción **D. Tomás Vilariño Fidalgo** explicou o contido da moción, dando lectura á mesma na súa parte explicativa.

*Incorporouse á sesión D<sup>a</sup>. Paz Pérez Asorey ás 11,55 horas.*

O cambio de grupo municipal convertíase nun secuestro do pobo. Un membro do goberno municipal decidiu abandonar o equipo de goberno e converterse en edil non adscrito. E participaba en chantaxes políticas. Leu os puntos 1, 4 e 5 en canto á adopción dos acordos propostos ao Pleno da Corporación.

Por alusións á súa persoa no contido e na defensa da moción, entrevistou **D. Juan José Cruz García** que empezou dicindo que se ía dirixir ao amigo de Pablo Crespo e tamén “*man dereita do tu pai*”.

Ante tales palabras, o Sr. Alcalde, **Rafael Cuíña Aparicio**, expulsouno directamente, e pediu que constase en acta que tras recibir anteriormente e durante a sesión dúas chamadas á orde, procedeu á súa expulsión do Pleno, en base ao disposto no artigo 95 do ROF, aprobado polo RD. 2568/1986, de 28 de novembro. Deste xeito, sendo as 11,57 o edil non adscrito foi expulsado e, indicóuselle ao Xefe da Policía municipal que o acompañase. Quedaron vinte concelleiros presentes de vinte e un que é o número legal e de feito da Corporación.


Entrevistou **D. Xosé Crespo Iglesias** para criticar o cinismo do grupo do goberno, xa que podía estar lexitimado para esa expulsión, pero que non atopaba tantos motivos nas anteriores chamadas á orde. Coidaba que a pesar da lexitimidade, podía non ter razón o Sr. Alcalde.

O Sr. Alcalde, **Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que o que fixo o dito edil era un insulto que non se podía permitir e que estaba máis que xustificada a expulsión.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que D<sup>a</sup>. Rita Barberá non metera a man no saco, e así o indicou na Comisión Informativa.

O Sr. Alcalde, **Rafael Cuíña Aparicio**, indicou que facía dous días que xa falaran do tema.

O grupo de goberno **RETIROU** a moción e indicou o Sr. Alcalde que iría á vindeira sesión para que no próximo Pleno o Concelleiro non adscrito se puidese defender.



**9.- MOCIÓN DO PP PARA O INICIO DUN EXPEDIENTE INFORMATIVO Á EMPRESA XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L. PARA COMPROBAR O GRAO DE CUMPRIMENTO DO CONTRATO DO SERVIZO DE ZONAS VERDES, PARQUES E XARDÍNS E ARBOREDO DO CONCELLO DE LALÍN.**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 23 de setembro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 29 de setembro de 2016 co número 7959. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao ***ditame desfavorable da Comisión Informativa Facenda, Patrimonio, Réxime Interior e Actividade Económica, do día 3 de outubro de 2016.***

Empezou a falar a edil delegada de medio ambiente, **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** dicindo estaba sorprendida polo feito de que se presentase esta moción porque o PP en vinte e cinco anos traballara con moitas empresas e en menos de catro meses escasos que levaba a empresa actual, xa se pedise que se abrise un expediente informativo. Ela pediu, e tiña un informe técnico municipal, que dicía que a empresa cumpría co prego de contratación.

Desde o PP, **D. Antonio Rodríguez Rodríguez** reclamou o uso da palabra, porque era o propoñente da moción. Dixo que a moción se debía a que a empresa non estaba cumprindo co prego de condicións e esperaba que cumprise. Coidaba que neste tema non había boa xestión por parte do grupo de goberno. Sentía que algunhas empresas de Lalín non se presentasen á licitación e que incluso, unha delas que se presentara, mesmo recorrese cun recurso de reposición a adxudicación, o cal foi rexeitado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 23 de maio de 2016.

Coidaba que non se cumpría o contrato asinado por parte da empresa adxudicataria. Dixo que non se vían nin un camión, nin unha trituradora de ramas, nin un tractor cortacésped, nin un aireador... Si lle constaba, pola contra, o que tiñan un cortacésped de man, unha debrozadora de man, un soplón e un triturador de herba co cal non se retiraba a herba que se cortaba. Non se realizou ningún mantemento dos regos no verán e a causa diso as zonas verdes estaban secas no verán.

Quedaron dende a empresa en realizar melloras, pero nun mes non fixeron apenas melloras, e mesmo algúns comerciantes reclamaron que se cortaran ramas de árbores nas rúas.

Fixo entón varias preguntas, entre elas: *Onde está a empresa?. Que pasa co cortacésped?. Onde está a reclamar?. Non había traxes para os operarios?. Onde estaba a oficina e o local que tiñan que ter?.*

Por iso instaban coa moción o inicio dun expediente informativo á empresa, e que se abrise se fose necesario, un expediente sancionador.

De novo a edil delegada, **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés**, dixo que lle sorprendía que se pedise o expediente informativo cando a empresa só levaba catro meses de contrato. Desde que rematou o contrato anterior de UTE ata que se firmara o contrato con esta empresa adxudicataria pasaran preto de dous meses cunha climatoloxía bastante adversa, e por elo xa se pediu desculpas e as queixas neses meses foron fundamentadas.

Tamén salientou que o procedemento de contratación empregado foi aberto, e adxudicouse á mellor oferta presentada; asinándose o contrato días despois. Ademais o prego era similar ao dos anos anteriores, e houbo que darlle un mes á empresa para o replanteamento. O día

**Secretaría Xeral**

seguinte da sinatura do contrato, o goberno xa estaba esixindo que levasen a cabo o traballo todo que se acumulara dende a UTE anterior.

Tiña o informe técnico que dicía que a empresa cumpría con todo o que esixía o preso, aínda que en canto ao tema do rego recoñeceu que tiñan que estar enriba deles.

Se fixese falta abrir expedientes faríano pero de momento cumprían porque as podas e plantacións aínda non era tempo de facelas, e só podía recriminarlle que os maceteiros non se regaran e secaran as plantas por falta de coidado.

Respondeu que tiñan nave e oficina e que o técnico foi á nave e tiñan todo o material que esixía o prego. Pidiu que se lle dese tempo para ver como traballaban, pero por agora era cedo porque só tiveran dous meses, máis outro mes de replanteo. A realidade era que estaban sempre encima deles para que todo se fixese correctamente.

Sostivo o Sr. Alcalde, **Rafael Cuiña Aparicio**, que el mesmo protestara varias veces ao ver como empezara esta empresa o servizo, pero cría que se foi mellorando e collendo o ritmo. Estaba de acordo en que todo era mellorable, e deu a súa palabra de que se co tempo non estivese o servizo á altura, el sería o primeiro en reclamálo.

**Dª. Celia Alonso Caramés** dixo que, dende o goberno sancionarían a esta empresa como a calquera outra se fose necesario pero primeiro daríanlle tempo.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez** preguntoulle entón se estaban contentos co servizo desde o goberno.

Contestou **Dª. Celia Alonso Caramés** para indicar que estaban razoablemente satisfeitos, pero que todo era mellorable e posiblemente necesitarían máis persoal, pero o prego estaba feito cunhas cantidades determinadas e non era factible.

**D. Antonio Rodríguez** afirmou que no prego foran á baixa e insistiu en que se cumprira o contrato.


Dixo **Dª. Celia Alonso Caramés** que quería aclarar que non estaban defendendo a empresa porque eles defendían aos lalinense que pagaban por ese servizo. Insistiu que ían seguir estando encima da empresa e que por medio do técnico municipal ía vixiar que se cumprise o prego. Afirmou que lle pasaría a relación de maquinaria.

**D. Xosé Crespo Iglesias** pediu que en lugar de pasar a relación de maquinaria se lle fixesen máis inspeccións para determinar se cumpría ou non cumpría o contrato a empresa. Non obstante coidaba que tendo en conta que o novo contrato afectaba á metade da superficie que había antes, dotáranse os mesmos cartos polo que cría que tiña que facerse o traballo, e senón tiña que custar menos cartos. Se a empresa ía á baixa era seu problema, non do Concello, e se por culpa de baixas temerarias non lles daban os cartos non era seu problema.

O Sr. Alcalde, **Rafael Cuiña Aparicio**, afirmou que desde o principio el tivo unha reunión con Celia e coa empresa e que incluso visitaron algunhas zonas para ver se se cumpría o contrato. Recoñeceu que era un servizo que había que mellorar.

**D. Antonio Rodríguez Rodríguez** afirmou que a herba estaba cortada bastante escasamente.

**Dª. Celia Alonso Caramés** dixo que podían facer unha inspección cando quixesen pero abrirille un expediente directamente á empresa aos tres meses de empezar parecíalle



Secretaría Xeral

precipitado, polo que propuxo esperar un tempo para iniciar o expediente, pero controlando mentres se ían mellorando e cumprindo mellor o servizo.

O Sr. Alcalde, **Rafael Cuiña Aparicio**, pediu respecto a esa empresa como o houbo coas anteriores empresas.

O **Sr. Secretario** indicou que incoar un expediente informativo tal e como pedía moción, sen un informe técnico para adoptar ese acordo, era grave. Debía constar un informe técnico municipal de soporte do acordo. Sen elo, resultaba arriscado adoptalo.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e dez (10) do PP, o **Pleno acordou APROBAR o punto da moción co seguinte tenor:**

- Solicitar un informe técnico municipal para determinar o grao de cumprimento da empresa do contrato asinado con este Concello para a conservación e o mantemento das zonas verdes de Lalín.

O outro punto da moción **RETIROUSE** polo grupo propoñente da moción.

#### **10.- MOCIÓN DO PP PARA SOLICITAR A CONVOCATORIA DUNHA XUNTANZA COS PROPIETARIOS DOS TERREOS AFECTADOS POLO ENIL DA CASAS VELLAS.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 21 de setembro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 29 de setembro de 2016 co número 7961. A continuación o *Sr. Secretario* deu lectura ao ***dítame favorable da Comisión Informativa de Acondicionamento, Obras e Planificación Territorial, Tráfico e Seguridade, do día 3 de outubro de 2016.***

Na defensa da moción **D. José Antonio Rodríguez Fernández** dixo que esta viña motivada polo rechazo do grupo de goberno á proposta que lle fixera o grupo popular no Pleno pasado, polo que presentaban agora vía moción o mesmo que lle pediran fai escasamente uns vinte e cinco días.

Despois de escoitar na intervención do punto sete da orde do día do Pleno ao Tenente Alcalde, dixo que non cría ter maior problema en ter este tipo de xuntanza cos veciños. O grupo popular neste tema foi claro fai un mes e volvíano repetir agora: o único que pedían era tratar de conxugar a propiedade privada co interese público.

Despois de escoitar durante este mes e de ler a prensa onde se falou tanto por parte do goberno como en declaracións dos membros da Plataforma Salvemos Catasós, de que os usos e a conservación e demais, non se ían ver afectados co ENIL, o grupo popular volveu ao mesmo porque fai vinte días o que pretendía era sobre todo aclarar iso, e neste Pleno volvíano pedir: querían que a Concelleira Delegada de Medio Ambiente que fixera a proposta no anterior Pleno, soubese que o único que pretendían era aclararlle a eses propietarios cales ían ser as liñas mestras dese Plan de Conservación.

Manifestou estar de acordo co que dicía na súa intervención no punto sete, o Tenente Alcalde, de que os usos e o Plan de Conservación poderían vir despois pero aquí tiñan uns feitos

**Secretaría Xeral**

claros, que era unha masa de propiedade privada e tamén, sobre todo, o rechazo a asinar por parte dos propietarios, que iso non fora o PP quen o asinara, senón que foron os propietarios. Simplemente aclarar iso coa Señora Concelleira.

Tamén na intervención anterior do Tenente Alcalde e incluso a Señora Concelleira no Pleno pasado, falaban de que uns dixeron unha cousa e outros outra, por iso na parte da exposición de motivos dixo que non ía afondar máis porque cría que a postura do PP estaba clara.

No primeiro punto o que solicitaban era a elaboración dese Plan co cal, o único que se pretendía era a curto prazo marcar unhas liñas mestras, simplemente a curto prazo marcar unhas liñas mestras, que tiñan que seguir a Sr. Concelleira e o Goberno de Lalín, que eran os encargados da xestión do ENIL. Entendía que ninguén pretendía botar a pelota ao tellado dos outros.

Para **D. José Antonio Rodríguez Fernández** a Lei era clara en canto á xestión do ENIL, sendo o Goberno municipal quen o tiña que facer. Se esas liñas mestras se marcasen, se presentasen aos propietarios, aos membros da Plataforma, aos veciños que as quixesen, e tamén, como se dixera no Pleno anterior, de que asistisen Partidos Políticos do Pleno para realizar aclaracións, e que fose o goberno e a Sr. Concelleira os que levasen a batuta porque ao fin e ao cabo era o goberno o encargado da xestión.

O feito de que puxese na parte de acordos da moción que estaba a defender, que as liñas mestras se marcasen canto antes respondía ao feito de que a Fraga das Casas Vellas estaba protexida polo uso do chan a nivel municipal, estando claro que a figura do ENIL era un paso máis, co cal o PP estaba de acordo pero pedían soamente unhas liñas mestras a curto prazo.


Explicou que o grupo popular o falara na reunión de grupo, se podía facer público a nivel de Pleno, que se era como dicía a Concelleira e se era como dicían os medios de comunicación, que todos podían ler, de que os usos non ían ter máis limitación das que xa tiña ese chan, o PP ía votar a favor, de xeito que máis claros consideraba que xa non podían ser. Recriminou que lle dixo o mesmo fai vinte días e esa reunión á que se referían na moción podía estar feita e podía estar a tramitarse o ENIL.

Pediulle tamén que ante o visto na prensa, nas redes sociais...ese interese tan grande de botarse a culpa uns aos outros, que quedase claro que a postura do PP era a que el estaba a explicar.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández** o que pedía era que se tivese en conta a importancia desa reunión porque cría que tanto o goberno como o PP, estaban remando no mesmo sentido, pero era probable que outros propietarios estivesen xa remando cara outro lado. Por iso consideraba que canto antes se fixese, mellor sería para todos.

Continuou explicando a moción, dicindo que a última parte dos acordos que pedían na moción, eran dous acordos tanto a nivel de Secretaría Xeral do Concello como de Intervención porque ao grupo popular parecíalle que ao ser a primeira declaración dun ENIL no Concello de Lalín, debería ir acompañada, aínda que non fose obrigatorio por Lei, pero si para que levase máis forza, tanto dun Informe a nivel de Secretaría como a nivel de Intervención, dado o custe que tiña o ENIL. Pidiu que quedase claro que non significaba que iso fose unha negativa, simplemente acompañalo á tramitación do ENIL, por iso se pedía na moción.

Interviu a continuación, a *Concelleira Delegada de Medio Ambiente, D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés* dándolle a benvida ao grupo popular á loita polas Fraga de Casas Vellas de Catasós e agradecéndolle que estivesen agora todos no mesmo lado e remando na mesma dirección,



Secretaría Xeral

porque efectivamente, xa había algúns veciños que non estaban remando e non sabía cal era a razón porque a conservación das Fragas debía ser o primeiro que tiña que ter a todos os lalinenses prestando apoio.

Dixo dos catro puntos da moción, referiríase ao número dous, porque como xa dixera no Pleno anterior, estaba disposta a facer unha nova reunión cos veciños e se resultase posible antes de acabar coa tramitación do ENIL, non tiña ningún problema porque tanto o goberno como a Concelleira reuníronse con tódolos veciños que o solicitaron, déuselles toda a información que necesitaron, e incluso, algúns veciños tiñan ata o borrador do ENIL, tiñan todo. Pero a pesar diso, volvería reunirse con eles e xa se lles enviou carta certificada para facer a reunión.

Dixo que volvería a enviar carta certificada ou poñería un taboleiro de anuncios en Catasós para reunirse o día que acordasen os grupos políticos, o técnico de medio ambiente por desgracia non estaba pero de resultar necesario, iría a redactora da memoria, e o goberno.

Reiterou a súa intención de reunirse cos veciños, sempre, si.

Aos veciños que se lles enviaron as cartas, que foron os que ían as fincas no borrador, eran os da relación aportada por Catastro-Oral. Estaban encontrando que moitos deses veciños, como xa o grupo popular sabía, xa non eran propietarios desas fincas; a pesar diso, as cartas mandáronse exactamente igual. E senón, considerou mellor, xa non enviar cartas senón poñer carteis pola zona toda de Catasós, onde algúns xa non vivían porque residían en Barcelona ou Madrid pero enviaríasele o acordo que se chegase a facer, e reuniríanse explicando punto por punto o que sempre estaban a dicir: que non perderían propiedade nin perderían de facer nada que non estivesen facendo ata agora. Ían gañar na limpeza dos camiños e cada vez, iso si, ao igual que xa o estaban facendo agora, cada vez que quixesen podar un castiñeiro ou un carballo terían que pedir autorización, neste momento a Medio Rural na Xunta de Galicia e despois, ao Concello de Lalín que será o que estará garantindo que iso siga ben, de tal xeito que se un castiñeiro se puxese enfermo, terán a responsabilidade de dar os tratamentos que correspondesen e demais.

Por iso en canto ao que se pedía no punto número dous da moción, dixo que por suposto se ían reunir. Sempre se reuniran e seguirían a facelo.

Referiuse ao punto número un da moción, pedindo un borrador do Plan de Conservación, e explicou a edil delegada de medio ambiente, que primeiro do Plan de Conservación tiñan que mandar a solicitude de ENIL á Xunta de Galicia, e esta podería denegar ou aprobar dita solicitude, ou ben solicitar unha ampliación de documentación ou non, podería variar o trazado. Ademais o procedemento esixía e tiña que haber primeiro as alegacións dos veciños e como o grupo popular sabía, había veciños xa preparando alegacións en base a que a Xunta outorgase unha declaración provisional de ENIL.

Por iso o que propoñía a Concelleira delegada de Medio Ambiente, en canto ao punto número un da moción, o Plan de Conservación, era esperar a enviar a documentación porque despois habería dous anos para facer informes, para falar con tódolos veciños do trazado que marcasse a Xunta porque o Concello de Lalín enviaría un borrador pero a Xunta ao estudalo podería dicir, isto si ou isto non, e ás veces, as alegacións dos veciños eran contempladas pola Xunta, e nese caso diría que hai que sacar determinada finca da memoria. Por iso, a Concelleira delegada dixo defender mandar a solicitude de ENIL, agora que estaban a remar todos na mesma dirección, e facelo tan pronto a Xunta dixese que ía dar o ENIL provisional e nese caso si que terían que estar todos unidos no Plan de Conservación Provisional porque nese caso non habería uns si e outros non, é necesario estar todos unidos. Por iso dixo deixar ese punto da moción.

**Secretaría Xeral**

Sobre o que se pedía na moción de solicitar informe á Secretaría Xeral afirmou que a Xunta de Galicia xa garantía que toda a documentación que se lle enviaba do ENIL tiña que ser legal, verificaba todo e pedían todo o que necesitaban, por iso consideraba innecesario o informe da Secretaría Xeral do Concello. Ademais, dixo a edil delegada, que cada vez que se expuxo a facer algo máis do que marca a regulación do ENIL non se aprobou nin se levou adiante. Por iso defendeu seguir coa normativa do ENIL e coa tramitación que a lei marcasse.

En relación coa solicitude dun Informe de Intervención, salientou que iso xa ía na memoria, unha valoración aproximada, e defendeu que a valoración era aproximada porque se valoraba todo, tanto o que se fixese con recursos propios como o que puidesen facer os membros da Plataforma e voluntariados como Adegas e demais, valorouse todo. En canto ao Plan de Conservación había que puntuar moito máis fino pero valorábase igualmente todo. Non ía ser tan custoso, cando se vían as cifras, parecía que todo viña de fóra pero non porque se ía facer con recursos propios tamén e voluntariado, e iso tiña claro o goberno.

Finalmente, propuxo se votaban só o punto número dous da moción, ou ben votaban punto por punto, ou todos os puntos da mesma.

Nunha segunda quenda, entrevistou **D. José Antonio Rodríguez Fernández** dicindo que no referente ao primeiro punto da moción, o Plan de Conservación, non se estaba a pedir que elaborasen xa un Plan de Conservación pero dixo que quería ser claro e que non quería que fixese unha reunión cos veciños e que se lle dixese unha cousa na reunión, e logo o Plan de Conservación díxese outra. Valíalle a palabra da Concelleira en Pleno.

Responden **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** que a súa palabra era que o Plan de Conservación ía ser exactamente o mesmo que levaban na memoria, simplemente con cambios de directrices que marcasse a Xunta, e o que se dixo en todo momento aos donos.

Interrompeuna **D. José Antonio Rodríguez Fernández** para dicirlle que el non era un propietario e polo tanto, exixiulle que lle dese a súa palabra no Pleno de que nesa reunión cos veciños, nas liñas mestras de uso e conservación do ENIL non ía haber ningunha sorpresa despois no Plan de Conservación.

A *Concelleira Delegada de Medio Ambiente*, **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** respondeu que lle daba ao Pleno de Lalín, como representantes de todos os veciños de Lalín, a súa palabra, se ben ela non era técnica e para ir ao Pleno e solicitar esas cousas tiña que solicitar informes a aqueles que soubesen do tema, e os que sabían do tema, os técnicos da Xunta, aos que ten por seguro que o grupo popular tamén consultaron ao non ser difícil falar co Director Xeral do Plan de Conservación ou cos Asesores Xurídicos da Xunta, que dixeron que non perden nin uso nin propiedade nin a forma de traballar que estivesen facendo ao día de hoxe, e o único que se pretendía co ENIL de Casas Vellas-Fraga de Catasós era que se mantivese ao longo do tempo a Fraga tal como se coñecía hoxe, sinal de que os propietarios das fincas o estiveran facendo ben, e o que quería o goberno era que iso seguise así, porque non querían nin que se fixese nada estraño nin por suposto que, se quixesen facer unha plantación de eucalipto, pois ía ser que non pero xa non polo ENIL senón porque xa agora estaban dentro do Paisaxe de Galicia. Se quixesen poñer gando, que xa llo explicara a un veciño, poderían poñer gando, e se quixesen ter un peche na finca poderían telo como marca a lei... o que se quería co ENIL era conservar os valados tradicionais de pedra co musgo, e coas





Secretaría Xeral

especies todas que houbera xa.

Iso era o que dicía no Pleno de Lalín e o que lle dicía aos veciños todos e iso é o que ía na memoria se a lesen ben, e era o que ía á Xunta.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández** continuou dicindo que iso era o que ía á Xunta si, pero que en canto aos usos, se ía facer unha reunión cos voceiros dos distintos partidos políticos e cos propietarios, pedían unhas liñas mestras no segundo punto da moción para que non tivesen despois ningunha sorpresa os veciños.

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio**, interviu para dicir que xa o estaba dicindo a Concelleira, ao que **D. José Antonio Rodríguez Fernández** respondeu que xa sabía que llo estaba dicindo pero que manter a Fraga tal como estaba, podía suscitar dúbidas para os propietarios como por exemplo, se se podería cortar algunha árbore para uso propio.

**D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** respondeu que ao igual que os donos de calquera finca ao lado do río que para cortar unha árbore para uso propio deberían primeiro chamar a Augas de Galicia e Medio Ambiente, que dirían que árbore se podería ou non cortar; neste caso os donos de fincas do ENIL tamén, e que de feito para uso propio, xa o estiveron facendo.

Contestou **D. José Antonio Rodríguez Fernández** sinalando que despois de escoitala e vendo que esas liñas mestras que dixera a concelleira en Pleno, o grupo popular non ía ter ningún tipo de problema en que o Plan de Conservación non se levase á reunión como se pedía no primeiro punto da moción. Pediu igualmente que constase en acta que as liñas mestras do Plan de Conservación terían que quedar claras para os propietarios pero tamén para os grupos políticos.

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuíña Aparicio**, dixo que despois de dicilo tres veces constaría en acta seguro.

Clarexou **D. José Antonio Rodríguez Fernández** que había aínda dous puntos máis na moción para falar en Pleno dado que eran catro, e en relación aos puntos sobre os Informes

que poderían ser vinculantes ou non, da Secretaría do Concello de Lalín e de Intervención, o grupo popular seguía mantendo que se fixesen.

A **Concelleira Delegada de Medio Ambiente, D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** respondeu que como non eran necesarios para a tramitación legal do ENIL, ía depender da vontade do Secretario Xeral e da Interventora facelos. A edil delegada manifestou que pensaba que solicitar á Secretaría Xeral do Concello un informe xurídico era algo que ela consideraba innecesario porque a legalidade xa a outorgaba a Xunta de Galicia, aínda que o debía valorar o Secretario.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández** dixo que aínda así quen o aprobaba era o Concello en Pleno polo que se se aprobase, deberían facelo.

Secretaría Xeral

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio** interviu para dicir que a Interventora estaba a dicir que se solicita unha porcentaxe do Pleno, debía facerse o informe.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández** dixo que efectivamente, o seu grupo non defendía que fose un requisito esixido pola Lei para tramitar o ENIL, senón que eles pedían os Informes aínda que despois non se enviasen á Xunta para a tramitación do ENIL.

Interviu o **Sr. Secretario**, para dicir que a última palabra a tiña a Xunta de Galicia e a formulación correspondíalle á Xunta segundo a Lei e o Decreto, ao que respondeu a Concelleira Delegada, **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** que iso era o que ela estaba dicindo, e polo tanto, ir máis alá das garantías da Xunta era innecesario. Ademais dixo que a Sra. Interventora para facer unha valoración, tiña que saber cantos metros cadrados ou hectáreas, tería que valorar porque a Xunta seguramente ía modificar o que se mandase porque seguramente se farían alegacións dalgún veciño, e a parte un dos propietarios implicados en todo momento ía ser Unión Fenosa que xa adquiriu un parte das fincas, de momento pequenas, porque as fincas grandes, as que interesaba conservar co ENIL por ser as que maior porcentaxe de castiñeiros e carballos tiñan, estaban aínda intactas e iso era o que corría présa porque eran conscientes de que en calquera momento a empresa podía entrar a cortar esas árbores con ou sen ENIL, pero a urxencia viña motivada en que se se declarara de xeito provisional, habería unha moratoria de dous anos, na cal a empresa non entraría porque neses casos a Xunta adoitaba paralizar.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández** dixo entón que nos puntos primeiro e segundo estaban bastante de acordo pero nos puntos tres e catro non vía ningún acordo. Felicitou entón á Concelleira polo cambio dende o Pleno pasado, e dixo que eles seguían pedindo o mesmo, ao que a Concelleira delegada dixo que non era así. Insistiu en que eles seguían a pedir o mesmo que no Pleno pasado pero que non tiña acta do mesmo, de xeito casual.




O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio**, preguntou entón a que se refería con iso de que foi unha casualidade que non houbo acta do Pleno anterior, se quería dicir que o goberno tiña algo que ver.

Respondeu que non **D. José Antonio Rodríguez Fernández**, que só era unha felicitación porque facía vinte días que votaran en contra unha proposta do grupo popular e agora, non coñecía aínda o que ían votar pero parecía que ían votar a favor.

O **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio** dixo que se daban por felicitados.

**D. José Antonio Rodríguez Fernández** dixo que facía vinte días quixeran deixar de malo ao PP por se acaso e coller a bandeira do ecoloxismo a nivel político.

A Concelleira Delegada fixo amago de intervir para contestar pero o **Sr. Alcalde, D. Rafael Cuiña Aparicio** díxolle que xa estaba e que ía rematar el o debate dicindo que o último lle gustara e que estivera ben, iso de coller a bandeira do ecoloxismo e meter o dedo no ollo como lle gustaba dicir a D. Xosé Crespo neste tema, pero non tiña o goberno nada que demostrar.



Secretaría Xeral

Interviu **D. Nicolás González Casares** para dicir que o PP votara en contra no ano 2014.

Continuou o Sr. Alcalde, **D. Rafael Cuíña Aparicio**, dicindo que os seus compañeiros do goberno, do PSOE, APAC e BNG demostraran o seu compromiso con isto xa fai bastante tempo, e consideraba que ao PP lle molestaran cuestións coa Plataforma e o rebumbio social causado co tema pero ao goberno non lle podían dar leccións de nada diso, sobre todo os seus compañeiros de goberno. Dixo que todo Lalín sabía o que había e que o goberno estivera sempre no mesmo sitio, do lado da Plataforma e do lado da Salvación das Casas Vellas.

Durante a votación produciuse unha pequena discusión entre **D<sup>a</sup>. Celia Alonso Caramés** e **D. José Antonio Rodríguez Fernández** polo informe da Señora Interventora que se pedía na moción.

O punto primeiro da moción **RETIROUSE** por parte do grupo propoñente.

Sometida a votación ordinaria a moción cos últimos tres puntos, os nº 2, 3 e 4 moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e dez (10) do PP **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:


No Pleno correspondente ao mes de agosto, celebrado o pasado 8 de setembro, o grupo de goberno presentou ao pleno para a súa aprobación a proposta de ENIL para o entorno de Casas Vellas, afectando a unha superficie de máis de 28 HA de terreo en mans privadas, sendo esta unha das características definitoria e diferenciadora deste ENIL, o que fai que a tramitación deste documento de protección sexa diferente aos demais onde os terreos son de dominio público.

Ao longo da xustificación da proposta, a concelleira de Medio Ambiente recoñeceu que non se contaba para esta tramitación municipal do ENIL co apoio explícito dos propietarios e mesmo recoñecendo que aínda que algúns non estaban de acordo non era necesario contar co apoio dos titulares dos predios afectados para a tramitación municipal do mesmo.

Un desprezo á opinión directa dos propietarios dos terreos que confluía tamén co recoñecemento da edil de Medio Ambiente de que non se tiña aberto ningunha negociación co Partido Popular, por tanto ca oposición, para consensuar a aprobación de dito documento, pese á importancia presente e futura do mesmo, e os contactos reducíronse a un mero intercambio informal de opinións sobre o tema.

Na exposición do Partido Popular, convidouse á concelleira socialista a que retirase a proposta do ENIL de xeito puntual para manter unha reunión a varias bandas ca concelleira, propietarios e partidos políticos co fin de presentar claramente cales ían a ser os usos e actividades permitidas en dito espazo. Oferta xenerosa que foi rexeitada pola concelleira e o seu grupo, cando o único que perseguía era a busca dun consenso entre todas as partes antes de remitir o documento á Xunta de Galicia para a súa tramitación.

Unha vez rexeitado o ENIL polo pleno, o grupo popular escoitou a opinión de varios dos



Lalín km cero



Concello de Lalín

#### Secretaría Xeral

propietarios que amosaron o seu rexeitamento a que o ENIL se tramite ante a Xunta antes de que se lles explique con claridade cales son os condicionantes, limitacións e prohibicións que acompañarán a declaración de ENIL nunha zona na que se asenta os seus terreos. Mesmo pediron que se lles informe e consulte antes de tomar ningunha decisión nin facer ningunha tramitación. Como ocorre co Partido Popular, os propietarios non se amosan en contra do ENIL pero si do xeito en que se levou a tramitación.

A día de hoxe, e ca oposición frontal dunha parte que creemos importante dos propietarios, o ENIL que plantexa o goberno nacería morto sen o consenso cos veciños, como queira que en caso de tramitarse sen consensos, nun segundo estadio da tramitación, xa a cargo da Xunta, sería rexeitado ao non contar co beneplácito dos propietarios. Sen esquecer que algúns de eles, de xeito sorprendente, decidiron abandonar a mesa común que formaban con membros do goberno na protección deste enclave lalinense.

Como queira que a opinión e complicidade dos propietarios na protección deste entorno natural vai ser condición sine qua non ao longo deste proceso de tramitación, ao ter que ser consultados no desenvolvemento burocrático do ENIL, entendemos que é necesario que xa dende os primeiros pasos da tramitación do mesmo, os propietarios conten cando menos con toda a información dispoñible e se valore e pondere a súa opinión e decisión sobre o documento que se tramite ante a Xunta, xa que do contrario será papel mollado ao non outorgar os seus parabéns na continuación da tramitación administrativa autonómica do ENIL. Unha opinión e decisión dos propietarios que si quixo ter o goberno en conta cando lle era favorable pero á que deron as costas en canto os donos dos terreos empezaron a mostrar disconformidade co proceder da concelleira e do goberno, nunha mostra de que a democracia e a opinión dos veciños para este goberno conta cando é favorable pero non se ten en conta cando é contraria.



Ademais da falla de diálogo con veciños e con parte da corporación, tamén resulta cando menos cuestionable e de pouco rigor administrativo e de xestión que a proposta do ENIL que presentou o grupo de goberno chegase á sesión plenaria para a súa aprobación sen o acompañamento de informes técnicos da Secretaría Xeral do Concello ou da Intervención municipal, ao recoller o investimento dunha importante cantidade económica, avais e garantía nas tramitacións, máxime cando se trata de temas do nivel e o calado da aprobación deste documento de protección do Medio Ambiente.

Xa que logo, o **PLENO da Corporación acordou:**

1.- Instar á concelleira de Medio Ambiente, D<sup>a</sup> Celia Alonso Caramés, a que convoque, antes de que remate o mes de outubro, unha xuntanza na que tomen parte:

- os propietarios dos terreos afectados pola declaración do ENIL proposto polo Concello,
- representantes dos partidos políticos con representación municipal a fin de que concelleira explique aos convocados, entre outras cuestións, detalles tan importantes como as previsións que ten o goberno en relación ao Plan de Conservación, as afeccións e limitacións que se marcarán para as fincas afectadas e todas aquelas cuestións que sexan de especial interese para os asistentes.

2.- Solicitar á Secretaría Xeral do Concello a elaboración dun informe xurídico sobre a



Secretaría Xeral  
viabilidade de todo o proceso do ENIL.

3.- Solicitar ao departamento de Intervención un informe económico sobre a viabilidade de dito documento de protección ambiental.

**11.- MOCIÓN DO PP PARA SOLICITAR AO CONCELLO DE LALÍN QUE NEGOCIE COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E COA XUNTA DE GALICIA A CESIÓN DO CENTRO CINEXÉTICO DE MOURISCADÉ (GRANXA DAS PERDICES) AO CONCELLO DE LALÍN, PARA A SÚA POSTERIOR CESIÓN Á SOCIEDADE DE CAZA E PESCA DE LALÍN.**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 21 de setembro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal o día 28 de setembro de 2016 co número 7917. A continuación o Sr. Secretario deu lectura ao *ditame favorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 3 de outubro de 2016.*

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias**, empezou a falar do tema aludindo a un convenio existente entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Xunta de Galicia en virtude do cal a Deputación cedía os terreos da finca de Mouriscadé e a Xunta construíra unha granxa cinexética e se encargaba da súa explotación. Dixo crer recordar que a vixencia de dito convenio era de 20 anos. Lembrou que durante anos a granxa produciu perdices para os distintos cotos de caza e, independentemente da súa rendibilidade, a nivel cinexético era algo bo. Dixo que segundo ten entendido, que tería que confirmarse, hai un par de anos o convenio expirou, polo que as instalacións que a Xunta construíse pasarían de novo á deputación e ao non renovarse o convenio a granxa das perdices quedou no olvido e esta sufrindo un gran deterioro.

O edil indicou que o que pretenden con esta moción é recuperar esas instalacións para que poidan ser utilizadas para fines cinexéticos. Afirmou que membros da directiva da Sociedade de Caza de Lalín se puxeron en contacto con el para mostrarlle o seu interese en explotar ditas instalacións sempre e cando fose de forma gratuíta. Leu de seguido as partes da moción que


contiñan as peticións.

Indicou **D. Rafael Cuiña Aparicio**, Alcalde-Presidente, que, para complementar a moción: por que non se solicitaba tamén ao organismo provincial que se inclúsen as porqueiras do *porco Lalaíno?*, E preguntoulle se estaba de acordo con incluílas e aproveitar os dous espazos de forma conxunta.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo non ter moita traza o que se pedía, salvo que sexa para criar algunha especie de xabarín.

O **Sr. Alcalde** lle recordou o custe das porqueiras e o estado no que se atopaban.

**D. Xosé Crespo Iglesias** dixo aceptar a engadega, e falou da posibilidade de facer unha moción conxunta para recuperar estas instalacións e facer unha actuación de carácter turístico e "etno-turístico". Falou da posibilidade de reconducir as instalacións para outros usos, e recordou varias instalacións coas que o tiñan feito cando gobernaban e indicou que a súa



Lalín muncípio



Concello de Lalín

**Secretaría Xeral**

intención era facer unha actuación de carácter turístico-cultural que incluía o laboratorio vello, a casa Solariega, e as porqueiras similar a “Eira da Xoana”, polo que concluíu en non incluír as porqueiras e facer esa nova proposta á Deputación de Pontevedra.

O **Sr. Alcalde** dixo non entender como deixaron morrer todas esas instalacións cando eles gobernaban e lle pide que se senten a falar que é o que se vai a facer coas porqueiras “do porco Laláino”.

**D. Nicolás González Casares** dixo non perder o tempo falando das porqueiras, que xa se perderan moitos cartos en elas, e criticou que se propoña unha moción para facer unha actuación turística, cando tiveron o albergue de Mouriscade sen mirar por el durante anos mentres gobernaron. Non obstante vía que a recuperación das instalacións propostas era algo bo sempre e cando se fixera con “sentidiño” e con un proxecto previo.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** afirmou que a moción perseguía poñer en valor ditas instalacións e afirmou que tiña pensado facer unha proposta neste senso.

**D. Nicolás González Casares** en relación á moción do centro cinexético, dixo que xa que falaban de perdices, que isto era un “tarde piaches”, xa que o convenio caducou hai dous anos e o grupo propoñente era o estaba no goberno naquel momento. Lle remite a facer memoria xa que foi o seu partido político o que gobernaba na Xunta, na Deputación e no Concello e polo tanto o responsable de deixar morrer a granxa e o **Sr. Crespo Iglesias** en particular, por acción e omisión, responsable do estado no que se atopa esta. Indicou que todo isto se debía facer constar na exposición de motivos da moción e dixo botar en falta un exame de conciencia na mesma.


Doutra banda, di sorprendelle esta moción por que a cría de animais é unha competencia impropia para o Concello. Dixo que se podía solicitar á deputación e aceptar esa negociación sempre e cando se engadise na proposta onde di: *instar ao alcalde de Lalín a que negocie coa Deputación de Pontevedra e ca Xunta de Galicia a cesión das instalacións (...)* engadir:

“*Sen custe algún para o Concello de Lalín.*”. Con isto evitariáse que para acoller esas instalacións o Concello teña que poñelas nas condicións adecuadas o que suporía un custe económico que sería inviable .

*Tamén mencionou que coa Ordenanza Medioambiental en vigor, a Xunta de Galicia podería ser sancionada pola deixación que eles fixeron tendo a animais abandonados. E rematou dicindo que se aceptan a adenda de “sen custe algún para as arcas municipais” votarían a favor da moción.*

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** lembrou que cando el gobernaba estivo traballando nun proxecto, e intentando negociar para recuperar estas instalacións. Dixo ter preseñado un proxecto para reconverter a granxa das perdices e na présa que vai dar aos Muíños facer un criadeiro de alevíns, que estiveron traballando nesta idea pero non foi posible naquel momento levala a cabo porque había actividade na casa e no laboratorio, e por este motivo agora facía esta proposta para que aproveiten a idea se o consideran.

**D. Nicolás González Casares** insistiu en preguntarlle se estaban de acordo en incluír no acordo: “*sen custe algún para o Concello de Lalín.*”.



Secretaría Xeral

**D. Xosé Crespo Iglesias** lle replicou que se tiñan vontade política o tema da financiación non debía ser o problema, que o que tiñan que facer era unha boa negociación do convenio, como el sempre o fixo coa deputación provincial para que ao concello non lle supuxera custe algún e lembrou outros acordos, como o Pazo de Liñares ou a Aula Castrexa como exemplo de boa negociación.

Houbo de seguido un debate entre o **Sr. Alcalde** e o **Sr. Crespo Iglesias**, no que o segundo insistía en que mediante un convenio podíase conseguir que non lle custase nada ao Concello e o **Sr. Alcalde** lle pediu que fixera un pouco de autocrítica e que dixera que as instalacións estaban nas condicións actuais por quen as deixou nesas condicións e comentou que o delegado da Xunta en Pontevedra ten afirmado que estaban así debido a que non eran rendibles.

De novo **D. Nicolás González Casares** entrou no debate para indicar que o que pedía na moción non se reclamou nin se preocupou durante estes anos de atrás en que o **Sr. Crespo Iglesias** foi Vicepresidente da Deputación Provincial de Pontevedra e Delegado da Finca Mouriscade e insitiu no problema que podería supoñer que no caso de que se asine o convenio coa Sociedade de Caza e Pesca por un tempo determinado e estes deixen as instalacións antes de que finalice ese tempo quen se faría cargo das mesmas, polo que reclama que se faga constar que non teña custe para o concello.

O **Sr. Crespo Iglesias** responde que con facer constar no convenio que no momento en que non lle interesen as instalacións á Sociedade de Caza e Pesca estas revertan de novo na Deputación de Pontevedra estaría resolto este problema e que se son hábiles e fan boa xestión pagaría o custe total a deputación.

Rematou o debate o Sr. Alcalde solicitando someter a votación a moción.

Sometida a votación ordinaria a moción, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) de CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) da APAC, e un (1) do BNG e dez (10) do PP **APROBOUSE** a moción do seguinte tenor:

A Finca que a Deputación de Pontevedra ten en Mouriscade asenta nos seus terreos o Centro Cinexético de Mouriscade –tamén coñecido como a Granxa das Perdices de Mouriscade- rexida pola consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Por tanto, unha infraestrutura de carácter autonómico en terreos de propiedade provincial que estaba operativa ao abeiro dun convenio suscrito entre ambas administracións e que segundo temos entendido, na actualidade, dito convenio atópase caducado.

A granxa de cría de perdiz da Finca Mouriscade centrábase no programa de recuperación das poboacións desta ave autóctona en Galicia mediante a obtención de reprodutores xenéticamente puros para subministrar perdiz autóctona, rústica e resistente, capaz de rexenerar poboacións silvestres aos TECORES que estaban realizando medidas de fomento das súas poboacións. Dende esta granxa abasteciáanse os Tecores da provincia con esta especie de galiñácea tan apreciada no mundo da caza.

A actividade desta instalación estaba estreitamente vencellada á actividade cinexética

**Secretaría Xeral**

que no Concello de Lalín e na comarca de Deza lidera a Sociedade de Caza e Pesca, un colectivo que representa a máis de medio milleiro de cazadores e que sempre se caracterizou pola xestión eficiente dos recursos medio ambientais e cinexéticos e pola súa labor de concienciación de coidado do noso entorno.

Precisamente, era esta Sociedade e os seus asociados uns dos beneficiarios da actividade da Granxa de cría de perdices de Mouriscade, ao repoboar desta especie os nosos montes, e permitir a continuidade dela como un reclamo para os moitos deportistas da caza da nosa zona.

Tendo en conta os antecedentes relatados, entendemos que a Sociedade de Caza e Pesca de Lalín, como unha das beneficiarias, é a entidade ideal para a xestión deste centro, sen actividade na actualidade, tanto dende o punto de vista operativo e de planificación, ao ser os Tecores e os socios os que máis directamente coñecen as necesidades de repoboación dos montes, como dende o punto de vista social, ao dar un valor engadido a esta instalación que na actualidade está parada.

Actualmente, estas instalacións están sen actividade polo que entendemos que debería buscarse un alternativa para poñelas en marcha, toda vez que aí se fixo un investimento con recursos das administracións para a construción das mesmas e que co paso do tempo, esas instalacións que agora serían aproveitables, nun futuro non lonxano estarán totalmente deterioradas.

Con esta iniciativa o Partido Popular pretende a súa posta en valor xa que, en máis de unha ocasión, a Sociedade de Caza e Pesca de Lalín nos comunicou a través de membros da directiva que estarían dispostos a explotalas eles mesmos antes de que se deterioren máis e tamén servirían para a creación de algún posto de traballo.



Entendemos que ditas instalación sería máis doado que se cederan ao Concello de Lalín, xa que un posible convenio entre administracións sería máis factible, por razóns obvias, que facelo directamente ca Sociedade.

Por todos estes motivos, **o Pleno da Corporación acordou:**

Instar ao alcalde de Lalín a que negocie coa Deputación de Pontevedra e ca Xunta de Galicia a cesión das instalacións do Centro Cinexético de Mouriscade, na actualidade sen uso, ao Concello de Lalín para que á súa vez este poida cedelo en uso mediante convenio á Sociedade de Caza e Pesca de Lalín para a súa xestión e explotación.

**12.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO NON ADSCRITO PARA REPROBAR AO GOBERNO O USO PARTIDARIO DA PÁXINA WEB OFICIAL DO CONCELLO DE LALÍN E DOS SEUS PERFÍS OFICIAIS NAS REDES SOCIAIS.-**

A Presidencia deu conta da presente moción, de data 29 de setembro de 2016, presentada no rexistro de entrada municipal na mesma data, co número 7944. A continuación





Secretaría Xeral

o Sr. Secretario deu lectura ao **ditame desfavorable da Comisión Informativa de Saúde Pública, Benestar Social, Actividade Cidadá, Cultura e Educación, do día 3 de outubro de 2016.**

O Sr. Presidente tendo en conta que non estaba presente o concelleiro propoñente, **RETIROU** da sesión a mesma co acordo de todos os presentes a dita moción, para tratala nunha vindeira sesión na que estea presente o dito edil.

### **13.- MOCIÓN PP POR VIA DE URXENCIA SOBRE O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 10-P-2016.-**

En primeiro lugar o voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** leu a moción no que propuñan por urxencia unha serie de cambios e modificacións ao expediente de modificación de créditos nº 9-/2016.- Crédito extraordinario e nº 11/2016, crédito extraordinario.

Polo grupo de goberno **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** indicou que había o mesmo problema de sempre.

Tanto o Sr. Secretario como a Sr. Interventora interviron para indicar o primeiro que a sesión do Pleno era extraordinaria e pola segunda de que non podían introducirse estes temas e de que en todo caso sería unha proposta de instar ao Sr. Alcalde para iniciar os expedientes de modificación de créditos nº 9 e 11.

**D. Xosé Crespo Iglesias** indicou que se quedou en que esta sesión plenaria era ordinaria, porque substituíu a sesión do pleno do mes de setembro que non se puido celebrar polas festas patronais.

De novo **D. Francisco Xavier Vilariño Taboada** explicou que en relación con esta obra viñeron os veciños da zona ao goberno municipal para indicar as obras que querían. O goberno municipal foi alí. Cualificou que o grupo popular actuaba de xeito irresponsable coa moción, engadindo aglomerado á obra indicada.

De novo **D. Xosé Crespo Iglesias** rexeitou o feito de que a culpa non fose da oposición. De non tratarse esta moción por vía de urxencia e dado que contaban con un tercio dos edís cumprindo así os requisitos, pedirían unha sesión plenaria.

De seguido **Sr. Alcalde** suspendeu o Pleno, coo fin de que todos os voceiros puideran falar e negociar entre sí as propostas das obras, sendo as 13,40 horas do día, ao abeiro do disposto no artigo 87 do ROF, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro.

*Sendo as 14 horas do mesmo día pola Presidencia reanudouse a sesión.*

De seguido, por UNANIMIDADE dos asistentes acordouse **RETIRAR** a moción do PP sobre o punto antes indicado.

Secretaría Xeral

A continuación presentáronse as seguintes propostas por vía de urxencia:

#### **14.- MOCIÓN DO PP DE REVOGACIÓN DE COMPETENCIAS DELEGADAS POLO CONCELLO PLENO NA XUNTA DE GOBERNO.-**

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias** deu conta da moción que por vía de urxencia presentaban, con data deste mesmo día, para acordar a revogación das competencias que o Concello Pleno efectuou na Xunta de Goberno Local. PEDIU respecto para esta moción, algo que xa estaba falado no seu grupo dende hai quince días.

Non obstante o anterior indicou que neste intre a vontade do seu grupo era outra, e retiraba a dita moción.

Así mesmo sinalou que tampouco tiñan intención de presentar os rogos e preguntas, dado desenvolvemento do pleno e as circunstancias que habían, a pesar de telos preparados.

#### **15.- PROPOSTA POR VIA DE URXENCIA SOBRE O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 10-T/ 2016.-**

Deuse conta pola edil delegada de facenda, **Dª Teresa Varela Fisteus**, desta proposta por vía de urxencia que contén un expediente de modificación de créditos nº 10-T/2016, expoñendo de seguido os motivos da urxencia.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción a proposta, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) do CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC e dez (10) do PP, **ACORDOUSE APROBAR E RATIFICAR A URXENCIA DO EXPEDIENTE.**

A continuación explicou o dita edil delegada o contido do expediente.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) do CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC e dez (10) do PP o Pleno da Corporación **APROBOU A PROPOSTA** do seguinte tenor:

Incoado o expediente de Crédito Extraordinario número 10-P/2016, a financiar con Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015, e ante a urxente e inaprazable necesidade de realizar os gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte sen mingua dos intereses deste Concello, co obxecto de dotar de crédito para as seguintes finalidades:

En concreto, trátase de dotar de crédito á correspondente aplicación orzamentaria para a realización de diversas actuacións tales como a *Colocación de protección entre desnivel de plataformas rúa dos Lirios-Villaflores e as Reparacións no Auditorio Municipal.*



Secretaría Xeral

Todas son actuacións que urxe acometer para que as infraestruturas e instalación cumpran axeitadamente a súa función.

Á vista da documentación que se achega, **o Pleno acordou:**

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria, consistente nun Crédito Extraordinario financiado mediante o Remanente Líquido de Tesourería procedente do peche do exercicio 2015, de acordo co seguinte detalle:

| APLICACIÓN   | DENOMINACIÓN                                                                                | IMPORTE €   |
|--------------|---------------------------------------------------------------------------------------------|-------------|
| 153.1.619.40 | Acceso a núcleos de poboación                                                               | 10.401,84 € |
| 333.632.20   | Colocación elemento de protección rúa Lirios-Villaflores<br>Equipamentos Culturais e Museos | 19.918,57 € |

Reparación Auditorio Municipal

**TOTAL ALTAS CRÉDITO EXTRAORDINARIO 30.320,41 €**

2.- Medios ou recursos que van financiar as modificacións de crédito:

Fináncianse con Remanente Líquido de Tesourería dispoñible, procedente do exercicio 2015, reflectido contablemente no concepto 870.00 (Remanente de Tesourería para gastos xerais) do presuposto de ingresos. Sendo coincidentes os importes da modificación de crédito proposta e os recursos que van a ser utilizados para o seu financiamento consérvase o equilibrio do Presuposto, de conformidade co artigo 16.2 del Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1

do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

### **16.- PROPOSTA POR VIA DE URXENCIA SOBRE O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS Nº 13-T/ 2016.-**

Deuse conta pola edil delegada de facenda, **Dª Teresa Varela Fisteus**, desta proposta por vía de urxencia que contén un expediente de modificación de créditos nº 13-T/2016, expoñendo de seguido os motivos da urxencia.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción a proposta, mediante o sistema de

**Secretaría Xeral**

man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) do CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC e dez (10) do PP, **ACORDOUSE APROBAR E RATIFICAR A URXENCIA DO EXPEDIENTE.**

A continuación explicou a dita edil delegada o contido do expediente.

Sometida a votación ordinaria a proposta e o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) do CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC e dez (10) do PP o Pleno aprobou a proposta do seguinte tenor:

Ante a necesidade de acomodar os créditos previstos en determinadas aplicacións orzamentarias coa finalidade de atender os seguintes gastos:

O novo proxecto de promoción turística “Lalín, un interior único”, conforme a memoria que presenta o concelleiro delegado de área. Trátase de gastos que están previstos realizar este ano e en exercicio da facultades que me atribúen as Bases de Execución do Presuposto Xeral do Concello.

Xa que logo o **Pleno ACORDOU:**

Primeiro.- A aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos núm. 12-T/2016, correspondendo ao Pleno da Corporación a súa aprobación, por consistir en transferencias entre aplicacións presupostarias que pertencen a distintas áreas de gasto, nos termos seguintes:

**A)- APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS DAS QUE SE PROPÓN TRANSFERIR CRÉDITO:**

| Aplicación          | Denominación                                                                    | Importe €          |
|---------------------|---------------------------------------------------------------------------------|--------------------|
| 133.130.00          | Ordenación do tráfico e do estacionamento<br>Laboral fixo. Retribucións básicas | 6.000,00           |
| 133.130.02          | Ordenación do tráfico e do estacionamento<br>Laboral fixo. Outras remuneracións | 5.661,04           |
| <b>TOTAL BAIXAS</b> |                                                                                 | <b>11.661,04 €</b> |

**B) - APLICACIÓNS PRESUPOSTARIAS QUE SE PROPÓN RECIBAN CRÉDITO:**

| APLICACIÓN          | DENOMINACIÓN                                                  | IMPORTE €          |
|---------------------|---------------------------------------------------------------|--------------------|
| 432.226.02          | Información e promoción Turística<br>Publicidade e Propaganda | 11.661,04 €        |
| <b>TOTAL ALTAS:</b> |                                                               | <b>11.661,04 €</b> |

O importe dos créditos que se pretenden minorar é igual ós dos créditos a incrementar,



Secretaría Xeral

polo que se conserva o equilibrio presupostario esixido polo artigo art.16.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Segundo.- Que este expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, sexa exposto ó público polo prazo de quince días hábiles no departamento de intervención do Concello, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento dos artigos 177.2 en relación co 169.1 do RD Lexislativo 2/2204, de 5 de marzo polo que se establece o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 38.2 en relación co artigo 20.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Terceiro.- Este expediente de modificación de créditos considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante o citado período non se presentaran reclamacións.

**17.- MOCIÓN POR URXENCIA DO TENENTE DE ALCALDE D. NICOLÁS GONZÁLEZ CASARES, REFERENTE AO EXPEDIENTE DE CONCESIÓN AO CONCELLO DE LALÍN DA SUBVENCIÓN DA ESTRATEXIA DE DESENVOLVEMENTO URBANO SOSTIBLE E INTEGRADO.-**

O Sr. Secretario deu conta deste expediente que se presenta ao Pleno da Corporación por urxencia.

Explicou que mediante Resolución de 29 de setembro de 2016 da *Secretaría de Estado de Orzamentos e Orzamentos e Gastos publicada no BOE nº 239 de 03/10/2016*, concedeuse ao Concello de Lalín unha subvención por importe total de 5.000.000 euros para o desenvolvemento de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (en diante DUSI) cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, convocadas pola Orde HAP/2427/2015 de 13 de novembro (BOE 17/11/2015).

A Estratexia DUSI solicitada polo Concello de Lalín, denominada, Lalín SUMA 21, con un orzamento total de 6.250.000,00 €, ten como obxectivos e actuacións principais os seguintes:

De seguido o edil delegado de urbanismo, **D. Nicolás González Casares**, explicou a subvención outorgada ao Concello de Lalín polas Unión Europa, no chamado como expediente DUSY. Elo implicaba a concesión de 5.000.000 de euros para realizar obras de adaptación do entorno urbano, e o compromiso municipal de aportar 1.250.000,00 euros. Era necesario segundo dixo, tal e como o manifestaron tanto o Sr. Secretario como a Sr<sup>a</sup>. Interventora que o Pleno asumise o compromiso de aportar durante o prazo do programa, cinco anos, da aportación municipal.

O voceiro popular, **D. Xosé Crespo Iglesias**, indicou que o contrato coa empresa Prece Waterhouse asinouse o día 5 de febreiro de 2015 cando el era alcalde e gobernaba. Daquela o Concello gastouse uns dezasete mil euros e daquela **D. Nicolás González Casares** deulle bastante caña.

**Secretaría Xeral**

Obxectivo Estratéxico 1: Mellorar o uso e calidade das TIC e o acceso ás mesmas. Trátase de apostar polas TICs como eixe vertebrador da estratexia urbana de Lalín a través da modernización da administración e os servizos públicos de Lalín a través das TICs e potenciar o desenvolvemento de Lalín como Smart City.

Obxectivo Estratéxico 2: Favorecer o paso a unha economía baixa en carbono en todos os sectores. Trátase de impulsar actuacións que diminúan a pegada do carbono no municipio promovendo a mobilidade urbana sostible en Lalín e impulsando a eficiencia de servizos públicos e a xestión intelixente da enerxía.

Obxectivo Estratéxico 3: Apoiarse na conservación do medio ambiente para mellorar a calidade de vida de Lalín protexendo o seu patrimonio cultural e natural e revitalizando a cidade mediante melloras do contorno urbano e medio ambiente.

Obxectivo estratéxico 4: Favorecer a cohesión social e a inclusión socioeconómica da poboación de Lalín impulsando a rexeneración económica do municipio e desenvolvendo e rexeneración física de zonas urbanas desfavorecidas.

Sometida a votación ordinaria a urxencia da moción a proposta *in voce*, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) do CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC e dez (10) do PP, **APROBOUSE E RATIFICOUSE A URXENCIA DO EXPEDIENTE.**

Sometida a votación ordinaria o expediente, mediante o sistema de man alzada, por **UNANIMIDADE** dos asistentes, co voto favorable de vinte (20) concelleiros, sendo cinco (5) do CxG-CCTT, tres (3) do PSdeG-PSOE, un (1) do BNG, un (1) da APAC e dez (10) do PP o **Pleno da Corporación acordou:**

Primeiro.- Comprometerse a habilitar crédito suficiente por importe de 1.250.000,00 euros para financiar o proxecto da estratexia DUSI, Lalín SUMA 21, no período 2016-2020e cuxa distribución é a seguinte:



Orzamento total: 6.250.000,00 €.  
Subvención concedida: 5.000.000,00 €.  
Aportación municipal: 1.250.000,00 €.

Segundo.- Aceptar a axuda outorgada para o desenvolvemento da Estratexia DUSI, Lalín SUMA 21.

Terceiro.- Comunicar á Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos a aceptación da subvención e o compromiso de habilitación de crédito.

## **18.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se presentaron rogos e preguntas na sesión.



Secretaría Xeral

E, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do mesmo día no que comezou, non habendo outros asuntos que trataren, polo Sr. Presidente levantouse a sesión. De todo iso, pola miña condición de Secretario accidental e fedatario público dou fe.

O Alcalde.

Dou Fe. O Secretario Xeral.

Rafael Cuíña Aparicio

César López Arribas

L 47

K

M

O